Na demanda da modalidade semipresencial, detéctase un importante descenso (gráfico 2) que, a nivel global, vese compensado polo aumento da demanda na modalidade presencial. Esta variante non resulta pois preocupante pola propia característica presencial da Universidade de Vigo. Sen embargo, debemos continuar coas campañas de captación dirixidas a ese perfil de posible futuro alumnado na convicción de que este título pode ofrecer unha vía real de excelente formación a aquelas persoas con interese na Xeografía, Historia da Arte e Historia e quen non realizaron eses estudos por priorizar outros intereses. O ascenso de matrícula na modalidade presencial, confirma que o esforzo do Centro pola visibilización e as accións de captación nesta dirección, deu os seus froitos.

Dada a situación de crise que se deriva da pandemia; a Xunta de Facultade acordou por unanimidade ampliar as causas que xustifican a concesión desta modalidade, incluíndo para o curso 2020-2021, os motivos económicos.




Gráfico 2. Alumnado matriculado na modalidade semipresencial no Grao en Xeografía e Historia

Tamén a matrícula no PCEO en Turismo e Xeografía e Historia resultou un éxito, alcanzando o número total de 11, sobre a oferta de 10 prazas. Este título, administrativamente, dependa da Facultade de Empresariais e Turismo. A nivel de cómputo, a metade do alumnado se contabiliza en cada un dos Centros.

Non imos insistir na tendencia observada nos últimos cursos da coincidencia da evolución da matrícula coas taxas de ocupación (gráfico 3) e de preferencia (gráfico 4), en ámbolos dous casos se supera a meta proposta (200%). No gráfico 5 a coincidencia entre os tres ítems resulta diáfana.




Gráfico 3. Taxa de ocupación do Grao en Xeografía e Historia




Gráfico 4. Taxa de preferencia do Grao en Xeografía e Historia




Gráfico 5. Nº estudantes 1ª matrícula, % taxa de ocupación e % taxa de preferencia do Grao en Xeografía e Historia.

Tamén no perfil de ingreso se acentúa a tendencia manifestada nos cursos anteriores. Así, o 88,6% do alumnado matriculado procede do Ensino Secundario. O segundo posto (de lonxe) accede de FP, por primeira vez en tres anos non hai ningunha matrícula do grupo de maiores de 25 anos.

Modalidade de ingreso				Total por modalidade	
	2019/2020	2018/2019	2017/2018	nº	%
Procedentes de Ensinanza Secundaria - Con PAAU	39	29	45	113	81,88
Procedentes de Ensinanza Secundaria - Sen PAAU	0	1	0	1	0,72
Título de Licenciado/a	0	1	1	2	1,45
Procedentes de Formación Profesional	3	6	2	11	7,97
Título de Diplomado-a/Mestres-as	1	1	0	2	1,45
Acceso para maiores de 25 anos	0	1	5	6	4,35
Acceso por validación de estudos estranxeiros	1	1	1	3	2,17
<b>Total</b>	<b>44</b>	<b>40</b>	<b>54</b>	<b>138</b>	<b>100,00</b>

Táboa 1. Modalidade de ingreso do Grao en Xeografía e Historia.

No gráfico 6 é posible comprobar facilmente como a nota media mantén o seu ascenso nos tres últimos anos, tanto no grupo de mulleres como de homes. Na táboa 2 estes datos aparecen desagregados por perfís (estudos de acceso) do alumnado, se ben o dato relevante é o do conxunto. Así mesmo, a nota mínima de acceso continúa sendo 5, esa cifra ven determinada pola cualificación máis baixa do conxunto, localizándose un total de 3.

Curso	Modalidade de ingreso	Estudos de acceso	Nota media acceso Home	Nota media acceso Muller	Nota media acceso promedio
2017/2018	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	5,544	—	5,544
		Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	6,279	7,390	6,834
		Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	—	7,115	7,115
		COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxico	6,360	5,480	5,920
		COU (LXE) e Selectividade. Biosanitaria	5,240	—	5,240
		COU (LXE) e Selectividade. Ciencias Sociais	5,500	7,080	6,290
		COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística	—	5,470	5,470
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	6,568	—	6,568
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	7,120	7,878	7,499
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	7,713	7,636	7,675
	Licenciatura	Dereito	—	6,888	6,888
	Acceso para maiores de 25 anos	Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Opción C (Ciencias Sociais)	—	5,000	5,000
		Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Opción D (Humanidades)	—	6,670	6,670
		Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Artes e Humanidades	6,530	—	6,530
		Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Ciencias da Saúde	6,035	—	6,035
		Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos (LOE). Opción Ciencias Sociais e Xurídicas	—	6,247	6,247



	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	—	7,560	<b>7,560</b>
	Títulos oficiais de técnico superior de Formación Profesional	Administración: Administración e Finanzas	—	5,000	<b>5,000</b>
		Hostalería e Turismo: Información e Comercialización Turísticas	—	6,100	<b>6,100</b>
2018/2019	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	-	6,01	<b>6,01</b>
		Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	5,75	7,70	<b>6,58</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	6,58	-	<b>6,58</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	8,89	10	<b>9,42</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	8,90	9,51	<b>9,11</b>
		COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxica	-	6,66	<b>6,66</b>
		COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística	-	6,96	<b>6,96</b>
	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - sen probas	Bacharelato LOE sen ABAU	6,62	-	<b>6,62</b>
	Licenciatura	Ciencias do Mar	6,39	-	<b>6,39</b>
	Diplomatura	Ciencias Empresariais	6,73	-	<b>6,73</b>
	Acceso para maiores de 25 Anos	Maiores de 25 anos- fóra de Galicia	7,57	-	<b>7,57</b>
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	5	-	<b>5</b>
	Títulos de Formación Profesional de Grado Superior	Comunicación, Imaxe e Son: Produción de Audiovisuais, Radio e Espectáculos	7,1	-	<b>7,1</b>
		Comunicación, Imaxe e Son: Realización de Audiovisuais e Espectáculos	7,1	-	<b>7,1</b>

(para acceso ata o curso 2019/2020)	Dirección de servizos en restauración	5,43	-	<b>5,43</b>	
	Electricidade e Electrónica: Sistemas de Telecomunicación e Informáticos	5,43	-	<b>5,43</b>	
	Hostalería e Turismo: Información e Comercialización Turísticas	-	5,92	<b>5,92</b>	
	Informática: Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas	6,429	-	<b>6,43</b>	
2019/2020	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía		8,58	8,58
		Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	5,95		5,95
		Bacharelato LOXSE e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	6,94		<b>6,94</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	6,631	7,922	<b>6,815</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Humanidades	8,337	7,640	<b>8,163</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais	7,846	7,843	<b>7,845</b>
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Artes	8,690		<b>8,690</b>
		COU (LXE) e Selectividade. Científico Tecnolóxica	5,91		<b>5,91</b>
		COU (LXE) e Selectividade. Humanístico Lingüística		6,29	<b>6,29</b>
		Título de Bacharelato con proba de acceso	11,440		<b>11,440</b>
	Diplomatura	Mestre-/a. Especialidade en Educación Primaria	6,73		<b>6,73</b>
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel		9,330	<b>9,330</b>
	Títulos de Formación Profesional de Grado Superior (para acceso ata o curso 2019/2020)	Electricidade e Electrónica: Sistemas de Telecomunicación e Informáticos	7,714		<b>7,714</b>
Hostalería e Turismo: Información e Comercialización Turísticas		7,540		<b>7,540</b>	
Servizos Socioculturais e á Comunidade: Educación Infantil			6,750	<b>6,750</b>	

Táboa 2. Modalidade de ingreso e nota media de acceso do Grao en Xeografía e Historia




Gráfico 6. Nota media de acceso ao Grao en Xeografía e Historia

Tampouco hai moitas novidades na procedencia xeográfica da totalidade do alumnado do grao (gráfico 7). O maior número se corresponde coa cidade de Ourense; ocupando o total da provincia case a metade (46,7%). Tamén manteñen o segundo, terceiro e cuarto lugar, respectivamente, Vigo e a provincia de Pontevedra, alcanzando o 33,1%; a provincia da Coruña, cun 13% e máis afastado a de Lugo cun 5,9%. Con respecto ao curso anterior, hai unha lixeira baixada da provincia ourensá que se compensa cunha lixeira subida nas tres restantes, un dato que resulta positivo porque confirma unha maior visibilización en zonas máis afastadas da Facultade coincidentes coas áreas nas que a facultade intensificou as súas accións de captación. Hai que ter en conta que as comunicacións entre Vigo e Santiago son máis doadas que entre Vigo e Ourense.




Gráfico 7a. Lugar de procedencia do alumnado matriculado no Grao en Xeografía e Historia




Gráfico 7b. Lugar de procedencia do alumnado matriculado no PCEO en Turismo e Xeografía e Historia

A nota media de acceso (táboa 5) resulta satisfactoria situándose case en 7,6, coincidente coa nota media do grao.

Curso Académico	Modalidade de ingreso	Estudo de acceso	Home	Muller	Total
2019/2020	Alumnado con Título de bacharelato equivalente con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Humanidades e Ciencias Sociais	-	5,48	5,48
		Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Humanidades	8,28	8,45	8,38
		Bacharelato (LOMCE) e ABAU. Ciencias Sociais	9,00	10,80	9,45
	<b>Total</b>				<b>7,59</b>

Táboa 5. Modalidade de ingreso e nota media do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia

Xa comentamos a relación desta procedencia coas campañas de captación realizadas nesta área xeográfica (Anexo 2).

A partir do mes de marzo, foise organizando, en función das circunstancias, o desenrolamento do plan formativo, sen apenas interrupcións na docencia que rápido se retomou nas aulas remotas da UVigo. A primeira medida foi considerar a todo o alumnado do título como semipresencial, xa que esa casuística xa se contemplaba nas Guías Docentes. Os cambios neste documento, non moitos, foron organizados pola coordinadora do grao e aprobados na Xunta de Facultade e transmitidos a vicerreitoría de organización académica e profesorado. Tamén houbo que adaptar as probas de avaliación a modalidade semipresencial. Sen dúbida, a superación con éxito desta difícil situación, foi só posible grazas ao esforzo conxunto de toda a comunidade da Facultade de Historia, tanto PDI, como PAS e alumnado. Para coñecer en profundidade todas as accións que se realizaron, pódese consultar o detallado informe de Coordinación elaborado pola coordinadora do Grao e que é público na web da Facultade no seguinte enlace: [http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1\\_DO-0201\\_P1\\_2019-20.pdf](http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_2019-20.pdf)

O seguinte esquema, realizado pola coordinadora de grao, contén unha secuencia de datas e accións recollidas no Informe de coordinación que resulta moi ilustrativo:

TAREFA	RESPONSABLE	DATAS
Suspensión clases presenciais - COVID-19	UVigo	13/03/2020
Proposta para considerar a todo o alumnado da titulación como semipresencial	equipo decanal coordinadora titulación	13/03/2020
Clases virtuais a través de e-meeting	profesorado titulación	16/03/2020
Subsanación carencias do alumnado para docencia virtual	equipo decanal	13/03/2020 en adiante
Comenzo docencia no Campus Remoto	UVigo	23/03/2020
Reunións informais Campus Remoto profesorado, representantes alumnado e PAS	equipo decanal	27/03/2020 en adiante (periodicidade semanal)
Tutoriais gravación Campus Remoto	Prof. Pérez Losada	30/03/2020
Revisión e modificación dos cursos virtuais Moodle (adaptación docencia e exames en remoto)	Profesorado titulación	23/03/2020 en adiante
Anexos guías docentes (adaptación da docencia ás circunstancias derivadas da COVID-19)	coordinadora titulación coordinadores materias coordinador TFG	13-15/04/2020
Suspensión exames presenciais 2º cuadrimestre	UVigo	14/04/2020
Seminario sobre exames Moodle (FaiTic)	Prof. Pérez Losada	17/04/2020
Normativa para modificar a matrícula da materia curricular de Prácticas externas.	UVigo	20/04/2020
Instrucións para estandarización ferramentas propias UVigo para exames	UVigo	07/05/2020
Aprobación do calendario e realización virtual de exames do 2º cuadrimestre e 2ª oportunidade	Xunta de Centro	08/05/2020
Aprobación datas depósito e lectura TFG		
RR Medidas Extraordinarias e Urxentes para Organización Docente 2020_2021	UVigo	17/06/2020

Revisión Guías Docentes (Anexo continxencias)	coordinadora titulación coordinadores materias	16-19/06/2020 22/06/2020-05/07/2020
---	---	--

No curso analizado os índices de mobilidade recuperan os índices habituais, con cinco Erasmus propios, e 3 estudantes estranxeiros. Dos propios, 3 realizaron a estadía durante o 1º cuadrimestre, e dos alleos 1, polo que transcorreu con normalidade. 2 propios e 2 alleos realizaron/mantiveron a estancia durante o 2º cuadrimestre polo que tiveron que pasar o período de confinamento fóra dos seus países de orixe. En todos os casos houbo un seguimento e contacto constante coa coordinación de Relacións Internacionais da Facultade e remataron os respectivos cursos con resultados favorables. Por primeira vez rexistrouse unha solicitude Erasmus para o vindeiro curso 2020-2021 no PCEO, durante este curso se realizaron todos os traballos previos. Esta iniciativa é positiva, xa que unha demanda deste colectivo nas enquisas de satisfacción alude directamente a posibilidade de estancias Erasmus.

A mobilidade dalgún docente, programada para o 2º cuadrimestre, non poido levarse a cabo por mor da pandemia.

Para rematar con este criterio, pasamos a analizar o resultado das enquisas en relación co mesmo (Gráfico Satisfacción 1). A nosa referencia serán as enquisas de satisfacción, nas que xa levamos uns anos cunha participación significativa, de feito, no curso que estamos a analizar alcanza o 81%. Sen embargo nas EAD, a pesar dos esforzos realizados por parte da coordinación de Calidade, non se logra aumentar a participación como para que resulte significativa, de feito, no mesmo curso (presencial durante o 1º cuadrimestre) a porcentaxe sitúase no 30,85%. Por este motivo, aínda que os resultados son favorables, non se consideran representativos.

Seis son as preguntas que se realizan neste criterio que a nivel global obtén 3,83, un resultado favorable, aínda que mellorable. É importante destacar que resulta o máis elevado dos tres últimos cursos de referencia (2017/2018: 3,14; 2018/2019: 3). Esta melloría na puntuación, non só é a nivel do bloque, senón en cada un dos seis ítems referenciados que, a diferenza dos anteriores cun mínimo de 2,2, nunca descenden do 3,5.




Gráfico Satisfacción 1. Organización e desenvolvemento (Grao)

Os aspectos máis valorados no grao en Xeografía e Historia, con un 4, son os horarios e o calendario de probas de avaliación, seguido moi de cerca pola utilidade das prácticas (3,96) e a distribución das materias no plan de estudos (3,93). O de menor puntuación (3,5) é a coordinación das materias, seguido da orientación do PAT (3,64). Respecto a este punto opinamos que en xeral ao alumnado resúltalle complicado identificar as accións de Calidade coa súa denominación. Aspecto que probablemente é común ao resto da comunidade do Centro. En relación ao PAT, cada sesión de acollida se informa da súa estrutura. A principio de curso, cada responsable dos diferentes cursos, se presenta e define a súa tarefa; ademais, ao remate de cada cuadrimestre hai unha xuntanza específica global e ao final de curso, cada responsable emite o seu informe á persoa responsable do PAT, que realiza o informe xeral. Este documento é público na web da Facultade e pódese consultar no seguinte enlace: [http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2\\_DO-0203\\_P1\\_2019-20.pdf](http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_2019-20.pdf)

Se ben a coordinación dentro dunha materia resulta eficaz, pensamos que a coordinación entre materias podería ser mellorada.




Gráfico Satisfacción 2. Organización e desenvolvemento (PCEO)

Sen embargo, aprécianse grandes diferenzas de valoración por parte do alumnado do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia, situación que, como veremos, se repite en cada criterio, resultando altamente preocupante porque é a primeira enquisa de satisfacción á que teñen acceso pola súa recente implantación. A media non chega ao aprobado, xa que se queda en 2,3. Analizados os 6 ítems (Gráfico Satisfacción 2), a puntuación máis elevada (3) refírese á planificación das probas; as seguintes (2,8) refírense ao PAT e á coordinación de materias, e as máis baixas (1,4) á organización das materias e aos horarios. Realmente o establecemento de horarios no PCEO resulta moi complicado. A dificultade radica

en que ademais de ter que compatibilizar os horarios de dous títulos diferentes de dous Centros, as materias que deben realizar cada ano nun mesmo título proceden de cursos diferentes. É dicir, os esforzos se dirixen principalmente a facilitar a súa asistencia, pero é evidente que ás veces non resultan moi confortables para o alumnado. A solución sería que recibiran clases específicas, pero dado o número máximo de matrícula cada ano (10) non se considera viable o desdoble.

En relación á organización das materias, xa desde o primeiro ano, nas xuntanzas que a decana mantivo co alumnado, recolleu unha demanda concreta relacionada coa disposición pouco acertada de 4 materias. Esta circunstancia obedecía a que no deseño dos itinerarios primou a equiparación de materias entre ambas titulacións cada cuadrimestre por riba da “lóxica dos contidos”. A solución non era demasiado complicada porque se trataba de intercambiar dúas materias de 2º curso por dúas de 1º. O proxecto non tivo continuidade porque se ben, a Xunta de Facultade de Historia apoio o cambio, non sucedeu o mesmo coa de Ciencias Empresariais e Turismo que rexeitouno. O acordo das dúas Xuntas era condición imprescindible para a súa tramitación no Consello de Goberno. En calquera caso, a decana da Facultade continuou insistindo na necesidade deste cambio. Finalmente, o curso 2020/2021 aprobouse por ambas Xuntas polo que neste momento está realizada a solicitude para a súa aprobación no Consello de Goberno. Tras este trámite poderá implantarse para o curso 2021/2022.

En relación a opinión emitida polo grupo de egresados e egresadas, debemos ter en conta que a participación alcanza só o 53% e o número de respostas correspóndese con 10 persoas, polo que a representatividade non resulta demasiado elevada. Os datos outorgan unha satisfacción media, sendo o total o 2,74, dous ítems están por riba de 3 (contidos e mobilidade). O ítem máis baixo se corresponde coa Orientación Profesional (2). Unha vez máis debemos referirnos a que a Facultade organiza todos os anos unha sesión relacionada con este tema, a asistencia é moi escasa, pero estas sesións están gravadas e subidas á web e publicitadas nas redes sociais. O resto dos ítems superan o 2,5 (materias, metodoloxía e orientación académica) polo que o resultado é satisfactorio, aínda que mellorable.

A intervencións das saídas profesionais do grao poden consultarse: <http://historia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-xeografia-e-historia/saidas-profesionais/> e as do PCEO: <http://historia.uvigo.es/gl/estudos/pceo-turismo-xeografia-e-historia/>

**Puntos débiles detectados:**

- Baixa participación nas EAD
- Cualificación mellorable no aspecto da coordinación das materias
- Deficiente organización de materias no PCEO

**Accións de mellora a implantar:**

- Incrementar a difusión da necesidade de participar nas enquisas de satisfacción para coñecer os problemas e implantar accións de mellora. Envío de correos electrónicos ao grupo e personalizados, desde o decanato e a coordinación de Calidade, solicitando a participación e explicando a finalidade das enquisas.
- Cambio da organización das materias no PCEO

**Evidencias nas que basea a valoración:**

- E1: Memoria vixente do título  
 E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora  
 E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao)  
 E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)  
 E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade  
 E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).  
 QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza



**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por preinscripción

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

## **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA**

### **Valoración xenérica**

Toda a información relevante do grao en Xeografía e Historia e das actividades do Centro é publica e facilmente accesible por todas as persoas usuarias interesadas. O soporte principal é a web do centro, pero no curso 2019/2020 se realizou, por parte da secretaria do equipo decanal, un enorme esforzo polo dinamismo das redes sociais con resultados frutíferos.

### **Reflexión/Xustificación**

Desde o proceso de certificación do Sistema, a accesibilidade da información e transparencia pasaron a ocupar un lugar prioritario na Facultade de Historia. Transcorrido un ano da remodelación formal e estrutural da web, que segue o modelo institucional, os baleiros que quedaron no traspaso da información (tal e como se rexistrou no Informe do curso 2018/2019) foron cubertos e continuouse coa permanente actualización. Un proceso máis delicado se cabe pola situación de inestabilidade derivada do confinamento e dos constantes cambios que ditaban unhas circunstancias tan constantemente novidosas como inquietantes.

Como importante novidade incorporouse á web un terceiro idioma, o inglés que acompaña en todos os apartados, ao galego e o castelán.

O contido da páxina web do Centro refírese fundamentalmente ao grao en Xeografía e Historia, así como ás actividades/eventos organizados desde a Facultade. Tamén se inclúen as novas/imaxes que os membros da comunidade van xerando.

Os aspectos de interese deste criterio se recollen no rexistro asociado ao Plan de Información Pública, que pode ser consultado en: [http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1\\_DO-0301\\_P1\\_2019.pdf](http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0301_P1_2019.pdf)

A maiores, dado que no curso 2019/2020, realizouse o seguimento da Certificación do Sistema houbo unha exhaustiva revisión dos contidos da web e da súa completa actualización.

Na liña aberta no curso 2018/2019, seguimos alimentando as canles de instagram e twitter, non tanto para a información estable (horarios, calendario de exames...), como para transmitir as novidades ou avisos. Tamén resultou unha vía moi útil de visibilidade do Centro e dos títulos, destacando determinados vídeos referidos, por exemplo, ás saídas profesionais, ou a modificación de modalidade das III Olimpíadas de Historia de presencial a virtual, baixo o lema: “A pandemia non nos para”.

Durante o curso 2019/2020, especialmente a partir do mes de marzo, o grupo de WhatsApp da decana co alumnado representante (delegadas e delegados de curso e representantes da Delegación da Facultade) estivo activado de forma permanente en ambas direccións para resolver todas as dúbidas e transmitir as novidades. A comunicación era moi efectiva porque, a súa vez, cada curso ten o seu propio grupo de WhatsApp.

Practicamente durante todo o período de confinamento se mantiveron reunións semanais entre o PDI, PAS e representantes de alumnado do Centro como foro de reflexión e intercambio. Así mesmo a decana convocou en dúas ocasións a todo o alumnado do Centro coa mesma finalidade.




Gráfico Satisfacción 3. Información e transparencia (Grao)

Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado do Grao (Gráfico Satisfacción 3) respecto a este aspecto obteñen unha media practicamente igual que o curso anterior (3,8). Os dous aspectos mellor valorados (3,97) se refiren á páxina web (utilidade e accesibilidade). 3,6 e 3,55 é a puntuación asignada respectivamente á información sobre outros soportes e sobre actividades extracurriculares.

Podemos afirmar que a valoración deste criterio é positiva e estable polo que o obxectivo é continuar nesta liña.




Gráfico Satisfacción 4. Información e transparencia (PCEO)

Tamén neste caso as puntuacións do PCEO (Gráfico Satisfacción 4) son máis baixas, cunha media global dun 2,8. Hai coincidencia en que a información da web son os dous aspectos máis valorados (facilidade de acceso: 3,4 e utilidade: 3,6). Os outros soportes son valorados con 2 e a información das actividades extra-académicas cun 2,2. Resulta evidente que se impón unha charla co alumnado do PCEO para, a ser posible, determinar as causas destas puntuacións e ata que punto están relacionadas co noso Centro.

É importante deixar constancia que a decana/coordinadora de Calidade, mantén tres encontros por curso co alumnado do PCEO desde a súa implantación, e neste aspecto concreto nunca se manifestou descontento.

No sector das persoas egresadas este criterio está ben valorado, alcanzando unha media de 3,6.

**Puntos febles detectados:**

- Escasa puntuación neste criterio por parte do alumnado do PCEO

**Accións de mellora a implantar:**

- Convocalo a unha xuntanza para aclarar que parte do descontento deriva da Facultade de Historia e buscar a solución, de ser o caso, para temas concretos.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)  
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública  
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

### Valoración xenérica

A Facultade de Historia dispón dun Sistema de Calidade actualizado e que ten como obxectivo a mellora continua dos títulos que se imparten.

### Reflexión/Xustificación

A falta do informe da ACSUG, a Comisión de Calidade, A Xunta de Facultade e Área de Calidade da UVigo, cualificamos de satisfactorio o seguimento realizado á obtención da Certificación do Sistema. Este proceso, como é preceptivo, orientouse en dúas direccións. A primeira en analizar en que estado se encontraban todas e cada unha das propostas de mellora que incluía o informe emitido pola Comisión avaliadora. A nivel xenérico, podemos afirmar que practicamente todas as que dependían do Centro están xa vixentes, moitas delas xa desde hai tempo, podendo comprobar o seu resultado satisfactorio. A outra acción, xa foi comentada no criterio anterior, refírese a exhaustiva revisión da información pública na páxina web. Se ben é certo que salvo certos aspectos, como a actualización de algún rexistro ou algún enlace roto, o resultado desta verificación mostrou unha información eficaz e accesible.

O proceso de actualización continua do Sistema baséase no cumprimento da denominada “Axenda Básica”, que edita a Área de Calidade da UVigo e resulta de gran utilidade ao tempo que homoxeneiza as accións dos Centros da UVigo.

Como ven sendo habitual, de xeito voluntario, solicitamos a revisión do Informe de Revisión pola Dirección do curso 2018/2019 pola área de Calidade. Agradecemos as acertadas suxestións que estamos considerando na elaboración deste informe.

No apartado 2.1 xa mencionamos os cambios organizativos no Sistema que afectaron ao funcionamento do Centro en relación a este criterio, polo que non imos insistir neles.




Gráfico Satisfacción 5. Sistema de garantía de calidade (Grao)

Por outro lado, seguimos pendentes da maior implicación na xestión do Centro e na mellora do Sistema. É dicir, o Centro funciona ben en moitos aspectos como se manifesta en determinados resultados, pero ese sector fundamental, o máis maioritario da nosa comunidade, é o menos consciente da relación entre ese “bo facer” e a posta en práctica do Sistema, quizás esta reflexión poida facerse extensiva a máis membros da comunidade do Centro. A única opción é realizar este achegamento de forma paulatina; xa temos un representante do alumnado na Comisión de Calidade, un paso máis sería a inclusión tamén do bolsreiro do Centro e a súa colaboración nas tarefas de Calidade coa idea que sirva de nexo para a transmisión da súa importancia. Somos conscientes da dificultade desta problemática e a súa xeralización en toda a Universidade de Vigo, pero quizais, esta proposta de ir paso a paso poda ter os seus froitos. De feito, os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado neste ítem resultan satisfactorios (gráfico Satisfacción 5), sendo o máis elevado dos tres últimos cursos (3,88). Sen embargo hai que agardar os vindeiros resultados para comprobar a súa estabilización.




Gráfico Satisfacción 6. Sistema de garantía de calidade (PCEO)

Tamén neste criterio a opinión do alumnado do PCEO resulta menos favorable (Gráfico Satisfacción 6), en concreto un punto por baixo (2,8). Insistimos na necesidade de aclarar as causas concretas que implican ao noso Centro nunha eminente xuntanza. Tanto co curso implicado como co resto do alumnado. Insistimos en destacar a fluidez da posibilidade de interacción a través de xuntanzas periódicas.

Pola súa banda o grupo de egresados e egresadas valora positivamente as accións de calidade cunha puntuación de 3,3

**Puntos febles detectados:**

- Escasa implicación do alumnado na xestión do Centro e mellora do Sistema.
- Escasa puntuación neste criterio por parte do alumnado do PCEO

**Accións de mellora a implantar:**

- Incluir ao bolsreiro de colaboración da Facultade na Comisión de Calidade e encargarlle tarefas relacionadas co Sistema, sempre baixo a supervisión da Coordinación de Calidade.
- Convocar nunha xuntanza para aclarar que parte do descontento deriva da Facultade de Historia e buscar a solución, de ser o caso, para temas concretos.

<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b></p> <p>E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u></p> <p>E10: Documentación do SGC (Política, <b>obxectivos de calidade</b>, manual e procedementos)</p> <p>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)</p> <p>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p> <p>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p> <p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade</p> <p><b><u>I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</u></b></p>
--

## **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS**

<p><b>Valoración xenérica</b></p> <p>O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.</p>
<p><b>Reflexión/Xustificación</b></p> <p>Cada curso actualízase a información pública relativa ao PDI <a href="http://historia.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/">http://historia.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/</a> e ao PAS <a href="http://historia.uvigo.es/gl/facultade/persoal-de-administracion-e-servizos/">http://historia.uvigo.es/gl/facultade/persoal-de-administracion-e-servizos/</a> incluíndo os datos máis significativos. As xubilacións que tiveron lugar o ano pasado foron substituídas do xeito seguinte: na área de Historia Contemporánea un profesor titular que tiña o seu destino en Pontevedra, pasou a asumir a docencia da facultade. No caso de Historia de América, área que inclúe dúas materias, contratouse a un Profesor Asociado que xa tiña impartido docencia no Centro. Esta mesma figura foi á que se recorreu no caso de áreas que tiñan exceso de docencia, como en Historia Antiga, Historia Moderna, Historia da Arte e Xeografía Humana. Na área de Prehistoria incorporouse unha bolsreira predoutoral que asumiu a docencia correspondente ao seu contrato. Outra importante mellora é que a persoa que estaba como Investigador Distinguido obtivo un contrato Ramón y Cajal, asegurando de forma evidente unha praza fixa na área de Arqueoloxía. Así mesmo, con repercusión para o curso 2020/2021 solicitaron a xubilación dous profesores titulares máis, das áreas de Prehistoria e de Historia Contemporánea e a profesora titular de Historia de Arte obtivo un sabático.</p> <p>É evidente que seguimos co problema da media de idade do profesorado a tempo completo. Para o vindeiro curso se prevé que o profesor Asociado de Historia Moderna pase a categoría de Axudante Doutor, abrindo unha porta para unha nova consolidación.</p> <p>Debemos deixar constancia da boa vontade que manifesta o profesorado asociado que en moitos casos asumen funcións por riba das súas obrigas, como a titorización de TFG e de prácticas. Sen embargo, hai outras responsabilidades que lles están vetadas por regulamento, como acceso a cargos unipersonais de xestión.</p> <p>A información sobre a categoría do profesorado, o número de doutores/as e o número de sexenios (gráfica 9) (que descende, ao igual que os quinquenios docentes, polas aludidas xubilacións) pode ser consultada na táboa correspondente deste Informe. Este profesorado, co seu grande esforzo, contribuíu en que este complicado curso se cumpriran as características da Memoria a pesar das enormes dificultades. En definitiva, deste colectivo demostrou, que independente das circunstancias que nos depara a vida, están preparados para, profesionalmente, desenvolver as súas funcións con eficacia. Entre as novas accións do PDI destacan: a adaptación aos medios telemáticos -que implicaron formación específica en algúns casos-; adaptación metodolóxica dos deseños docentes</p>

e xeración de materiais para o medio virtual; actividades dedicadas a xestión e coordinación docente; atención de titorías individuais. Sen dúbida estas circunstancias obrigaron a un gran incremento en horas que ademais produciuse nun momento de crise e incerteza.




Gráfico 9. Sexenios e quinquenios do profesorado con docencia no Grao en Xeografía e Historia

Respecto ao Persoal de Administración e Servizos, no curso 2019-2020, durante o Estado de Alarma continuaron desenvolvendo as súas funcións desde a casa con teletraballo. A medida que se constatou que este período se alongaba, os distintos servizos fóronse conectando ao ordenador dos respectivos despacho. En primeiro lugar foi a secretaría do alumnado e despois o decanato e as unidades de apoio a centros e departamentos. Para a conexión destes últimos servizos houbo certa reticencia por parte da Administradora de Campus, que non o consideraba imprescindible. Finalmente, tras a presión de equipos directivos de diferentes Centros, foi posible dita conexión, o que facilitou enormemente a realización das tarefas. Sen dúbida tamén este colectivo realizou un importante esforzo de adaptación aos medios telemáticos e a resolución de problemas a distancia nun momento de crise e incertidume. Tamén a situación foi difícil para o alumnado que debía compaxinar a asistencia virtual coa conxuntara no seu fogar. En todo momento o equipo decanal manifestou a súa disposición a arranxar os problemas, co contacto constante cos representandes de Alumnado que tamén incrementaron a súa responsabilidade.

No mes de xuño, a administrativa asignada á secretaría do decanato, tras case tres anos de baixa e que lle fose denegada a invalidez, incorporouse ao seu posto nun estado de saúde moi precario e con moitas dificultades/incapacidades para o desempeño da súa función. Tras varias conversas da decana con xerencia e co propio reitor, logrouse que unha persoa viñera como apoio. Sen dúbida avanzouse nas tarefas, pero a necesidade de aprendelas non a fixo totalmente efectiva. Finalmente no mes de xullo volveu a incorporarse, en Comisión de Servizos, a administrativa que ven desempeñando esta función nos últimos seis anos e todo volveu á fluidez e eficacia habitual.

A porcentaxe de participación das accións formativas deste colectivo segue a ser elevada, alcanzando o 86,07% (gráfico 11).




Gráfico 11. Porcentaxe de participación do PAS vinculado á Facultade de Historia en cursos de formación

É importante destacar que a cualificación do PAS, nas enquisas de satisfacción do alumnado do grao, alcanza a cifra máis elevada de todos os criterios, con un 4,33 (Gráfico Satisfacción 7). Este valor confirma a calidade profesional do PAS que entra en contacto co alumnado, tanto na secretaría de alumnado, como na secretaría decanato, na área de apoio a centros e departamentos, no propio equipo decanal e por suposto na conserxería.

Esta boa consideración esténdese ao grupo de egresados que lle outorgan un 3,1. Sen embargo a cualificación do alumnado do PCEO é considerablemente máis baixa con 2,4 (Gráfico Satisfacción 8). É importante aclarar que o alumnado deste título depende administrativamente da Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo.




Gráfico Satisfacción 7. Recursos Humanos (Grao)






Gráfico Satisfacción 8. Recursos Humanos (PCEO)

**Puntos febles detectados:**

- Incremento do índice da idade media do profesorado do Centro
- Escasa participación do alumnado nas Enquisas de Avaliación Docente

**Accións de mellora a implantar:**

- Conversas sobre a contratación de PDI co equipo reitoral e a vicerreitoría de profesorado expoñendo esta problemática á espera de solucións
- Difusión da necesidade de cumprimentar as enquisas

**Evidencias nas que se baseou valoración:**

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I1.5: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)  
I02-PE: Cualificación do PDI  
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio)  
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS.**

### **Valoración xenérica**

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

### **Reflexión/Xustificación**

Ata mediados de marzo de 2020 a actividade formativa desenvolveuse coas dinámicas habituais nas que as infraestruturas e outros recursos materiais do Centro demostraron a súa eficacia para aplicar o programa formativo do grao en Xeografía e Historia e o PCEO en Turismo e Xeografía e Historia. Unha vez solucionado o tema da ergonomía das cadeiras das aulas, seguimos co problema da baixa temperatura, especialmente aquelas orientadas ao norte. Existe un proxecto de xeotermia para o edificio no que se imparte a docencia, cuxas obras comezarán no curso 2020/2021 e que quizais resolva este problema relativo á temperatura.

A partir do Estado de Alarma o obxectivo do equipo reitoral da UVigo foi non paralizar a dinámica do curso. Así, nun primeiro momento utilizouse o recurso da plataforma e-Meeting, que permite que cada materia dispoña dunha sala virtual, medio que o noso profesorado coñecía o funcionamento por estar operativo no mestrado en Valoración, Protección e Xestión do Patrimonio Cultural de carácter semipresencial. O problema é que non está deseñado para soportar as necesidades de toda a UVigo. A solución ao problema da docencia on-line veu da man do campus remoto da UVigo, que duplican todos os espazos físicos de cada Centro, incluídas as aulas. É dicir, non se creou un aula virtual por materia, senón un aula na que se suceden as clases co mesmo horario que as aulas físicas. Así, a cada Centro nos foi subministrado o mesmo número de aulas, salas de reunión, e posteriormente despachos para o profesorado cos recursos precisos para impartir docencia, realizar reunións e celebrar tutorías. No seguinte enlace pódense consultar os recursos xenéricos da Facultade <https://campusremotouvigo.gal/faculty/102>. Tecnicamente este campus remoto depende do servizo UVigoTV. A solución resultou moi satisfactoria, de fácil manexo e cos recursos necesarios para impartir docencia (cámara, micro, chat, posibilidade de compartir pantalla, subir documentos e gravar as clases). Desde logo que os inicios foron complicados, xa que nos enfrontamos a novas ferramentas nunha situación moi estraña, pero paulatinamente foron resolvéndose os atrancos, sempre grazas a un gran esforzo tanto da comunidade da Facultade, como do equipo técnico da UVigo, tanto UVigoTV como o reforzamento da ferramenta de Teledocencia.

Desde o primeiro momento a UVigo ofertou medios de accesibilidade á web, no caso de que os estudantes tiveran dificultades. Así a través do decanato se solicitaron varios “MIFIS” que daban boa cobertura para internet. Tamén se subministraron ordenadores portátiles ao alumnado e profesorado que o solicitase.

O noso Centro tiña a “vantaxe” da modalidade semipresencial tanto no grao como mestrado. Así por exemplo, nas guías docentes incluíase xa esa modalidade, e estaba deseñada para as persoas que non podían asistir ás aulas. De feito, no caso do grao, a primeira opción foi que todo o alumnado pasaba á semipresencialidade.

A situación do estado de Alarma tamén afectou á materia de Prácticas Externas, aquelas que non puideron adaptarse á modalidade non presencial, tiveron que ser adiadas. Tanto para esta materia como para o TFG se contemplaron prazos distintos que permitiron que foran realizadas máis tarde postergando a entrega de actas ata o mes de setembro.

Outro recurso moi utilizado no grao é a documentación da biblioteca que tamén pechou as súas portas, sen posibilidade de ofrecer o servizo de préstamo. En calquera caso, tanto o profesorado como o persoal da Biblioteca contribuíron a facilitarlle ao alumnado (en especial no proceso de elaboración do TFG) todo o materia posible en pdf.




Gráfico Satisfacción 9. Recursos materiais e servizos (Grao)

En relación á opinión do alumnado do grao nas enquisas de satisfacción (Gráfico Satisfacción 9) se observa una considerable subida respecto ao curso anterior, pasando o computo global de 2,82 a 3,91. O aspecto mellor valorado son os espazos de traballo cun 4,24; nun segundo lugar as aulas con 3,93 e moi de cerca as plataformas multimedia con 3,77. Esta puntuación en concreto cobra importancia en ese curso que se volveron imprescindibles para a continuación da docencia e o remate do curso.




Gráfico Satisfacción 10. Recursos materiais e servizos (PCEO)

As puntuacións que outorga o alumnado do PCEO (Gráfico Satisfacción 9) son máis baixas, cun 2,95 de media, pero coincidindo na escala de valores descrita.

Respecto ao grupo de egresados e egresadas, a súa valoración sitúase a medio camiño cunha puntuación global de 3,07 e poñendo en primeiro lugar as plataformas multimedia cun 3,5, seguido moi de cerca polos espazos de traballo (3,44), mentres que as aulas e os laboratorios obteñen a puntuación máis baixa de 2,3. Esta diferenza constata as melloras de ergonomía, confortabilidade e actualización que se foron realizando neses espazos.

**Puntos febles detectados:**

- Deficiencias de temperatura en certas aulas

**Accións de mellora a implantar:**

- Continuar solicitando melloras no servizo de quecemento das aulas

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
- I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
- I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
- I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

## CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

### Valoración Xenérica

Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

### Reflexión/Xustificación

Na táboa 6 sintetízanse os resultados relativos ás tres taxas: éxito, rendemento e avaliación, de todas as materias do Grao en Xeografía e Historia. Neste criterio se analizarán os resultados relativos ao éxito e á avaliación, e no seguinte os relativos á taxa de rendemento.

Empezamos a reflexión deste criterio a través da análise dos resultados das tres taxas, de éxito, rendemento e avaliación por materias (Táboa 6).

Materia	Éxito	Rendemento	Avaliación
G251101 Xeografía: Fundamentos de xeografía física	88,64%	79,59%	89,80%
G251102 Historia: Introducción á etimoloxía	87,18%	72,34%	82,98%
G251103 Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	93,18%	82,00%	88,00%
G251104 Idioma moderno: Inglés para humanidades	93,18%	75,93%	81,48%
G251105 Historia de América precolombina e colonial	64,58%	49,21%	76,19%
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	94,12%	76,19%	80,95%
G251202 Historia: Introducción á historiografía	89,47%	72,34%	80,85%
G251203 Arte: Arte clásica	97,56%	78,43%	80,39%
G251204 Teoría e método da arqueoloxía	82,50%	68,75%	83,33%
G251205 Prehistoria universal	95,00%	71,70%	75,47%
G251301 Xeografía: Espazos e sociedades	100,00%	91,18%	91,18%
G251302 Historia: Fontes de información en humanidades	96,55%	77,78%	80,56%
G251303 Historia antiga universal	100,00%	76,32%	76,32%
G251304 Historia medieval universal	96,88%	83,78%	86,49%
G251305 Paleografía	65,00%	53,06%	81,63%
G251401 Historia: Metodoloxía da historia	100,00%	71,74%	71,74%
G251402 Historia moderna universal	95,45%	85,71%	89,80%
G251403 Historia contemporánea universal	100,00%	84,85%	84,85%
G251404 Historia da arte medieval	100,00%	82,05%	82,05%
G251405 Arqueoloxía aplicada	90,63%	87,88%	96,97%
G251501 Historia antiga da Península Ibérica	91,18%	81,58%	89,47%
G251502 Historia da arte moderna	88,89%	72,73%	81,82%
G251503 Historia medieval da Península Ibérica	100,00%	96,55%	96,55%
G251504 Prehistoria da Península Ibérica	88,24%	83,33%	94,44%
G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	63,64%	50,00%	78,57%
G251601 Historia contemporánea de España	100,00%	76,47%	76,47%
G251602 Historia da arte contemporánea	96,88%	81,58%	84,21%
G251603 Historia moderna de España	92,50%	78,72%	85,11%
G251604 Mundo actual	96,97%	94,12%	97,06%
G251605 Sistemas de representación xeográfica	100,00%	86,49%	86,49%
G251901 Historia de América contemporánea	100,00%	87,50%	87,50%
G251903 Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas	88,24%	88,24%	100,00%

G251904 Historia das relixións	81,25%	81,25%	100,00%
G251905 Historia antiga do noroeste da Península Ibérica	82,35%	77,78%	94,44%
G251906 Historia da arte de Galicia	100,00%	100,00%	100,00%
G251907 Historia medieval de Galicia	100,00%	93,75%	93,75%
G251908 Xeografía de Galicia	92,86%	92,86%	100,00%
G251911 Historia contemporánea de Galicia	100,00%	100,00%	100,00%
G251912 Historia moderna de Galicia	100,00%	100,00%	100,00%
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica	100,00%	100,00%	100,00%
G251981 Prácticas externas	100,00%	72,22%	72,22%
G251991 Traballo de Fin de Grao	100,00%	50,00%	50,00%

Táboa 6. Taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia do Grao en Xeografía e Historia

A taxa de éxito por materia no curso 2019/2020 pode resumirse nas seguintes frecuencias. 100% no 38,09% das materias, a metade de 4º curso e o resto repartidos. O 33,33%, alcanzan unha taxa entre o 90-100%; o 21,42% entre o 80-90% e o 7,14% entre o 60-65%. É importante constatar que as variacións con respecto ao curso precedente non son elevadas, a pesar das difíciles circunstancias. Así se pasa do case 75% ao 72% de superación dos exames presentados e en ningún caso o nivel de aprobados é inferior ao 63%. A nivel global, no gráfico 13 podemos comprobar como a taxa de éxito mantense en relación co curso pasado, a tan só un punto do obxectivo de calidade (93%).

A taxa de avaliación global tamén rexistra un lixeiro incremento en case 3,5 puntos, situándose no 84% cos seguintes valores: Obtense un 100% no 16,6% das materias, todas elas incluídas en 4º curso. A mesma cifra de materias, o 16,6%, obteñen unha taxa de entre o 90 e 100%. O grupo máis elevado, o 47,6%, das materias mostran unha taxa entre o 80 e o 90%. E o 16,6% entre o 70 e 80%. Só unha materia está por debaixo do 71,74%, o que supón unha mellora respecto ao curso anterior no que un 15,9% de materias mostraba unha taxa de avaliación entre un 60 e 70%. En calquera caso, non resulta satisfactorio que só o 33,2% do alumnado se presenten a entre o 90 e o 100% das materias matriculadas, aínda que se aprecie unha melloría respecto ao curso pasado.

Unha vez máis o TFG mantén unha taxa excesivamente baixa, o 50%. Sen dúbida a materia que presenta peores cifras é o TFG, sube lixeiramente a proporción de TFGs presentados, aínda que só alcanza o 53,33%.

CURSO ACADÉMICO	TFG MATRICULADOS	TFG DEFENDIDOS	
	Nº	Nº	%
2017/2018	37	14	37,84%
2018/2019	36	19	52,78%
2019/2020	30	16	53,33%
<b>TOTALES</b>	103	49	47,57%

Táboa 7. TFG matriculados e defendidos

No curso 2019/2020 matriculáronse 30 TFGs, seis menos que no curso anterior, e defendéronse un total de 16 (táboa 7). A pesar que a situación da pandemia non resultou favorable para obter a documentación tanto en cuestión de bibliografía como de traballo de campo, segue sendo unha cifra pouco alentadora. Seguimos pensando que esta taxa debe ser mellorada, pero resulta complicado proxectar melloras para conseguir ese obxectivo. Pensamos que o feito de que a partir do curso 2019/2020 funcionen os tribunais unipersoais debería mellorar estas cifras. Sen dúbida, as cualificacións obtidas no Traballo de Fin de Grao son moi satisfactorias, como mostra esta táboa.

CURSO ACADÉMICO	CUALIFICACIÓNS			TFG TOTAIS	
	MH	Sobresaliente	Notable		Aprobado
2017/2018	1	5	7	1	14
2018/2019	1	6	15	1	23
2019/2020	1	8	6	1	16
<b>Total</b>					<b>53</b>

Táboa 7bis. Cualificacións do TFG no Grao en Xeografía e Historia




Gráfico 12. Taxa de graduación no Grao en Xeografía e Historia

Como se pode comprobar no gráfico 12, a taxa de graduación séguese a manter nun valor moi pouco satisfactorio: 38,24%, e a tendencia segue empeorando e máis lonxe do obxectivo, cifrado en un 50%. A análise desta situación nos leva a unha posible relación coa modalidade semipresencial, xa que a maior parte deste alumnado está desempeñando unha actividade profesional e o seu ritmo de superación de materias non segue a *ratio* de curso por ano.

Analizando a casuística concreta do alumnado matriculado, observamos o seguinte: Das 30 matrículas desta materia, 13 pertencen a persoas repetidoras, é dicir un 43,3%. Das 16 persoas que se graduaron, 9 eran repetidoras na matrícula do TFG. É dicir un 56,2% non se computan na taxa de graduación por pertencer a unha cohorte diferente e só 7 estudantes graduáronse en tempo e forma, segundo os catro anos estipulados.

Outros datos significativos que poden explicar estas cifras son en primeiro lugar que 5 estudantes (16,6%) pertencen ao plan de estudos anterior (tiveron que solicitar o cambio de plan) que xa se extinguiu hai dous anos. En segundo lugar 6 estudantes (20%) só lles queda a materia do TFG e a outros dous as Prácticas Externas e o TFG.

Ante estes datos resulta evidente que para determinar e analizar as consecuencias/causas reais desta taxa é imprescindible obter os datos do alumnado por modalidade, xa que no curso 2016/2017 (correspondente a esta cohorte) de 36 matrículas, 10 persoas optaron pola modalidade semipresencial.

Outro dato a ter en conta é a duración media dos estudos, nun 4,51, algo inferior ao curso anterior. Pensamos que resulta unha media aceptable tendo en conta a semipresencialidade e a matrícula a tempo parcial, factores que condicionan que o termo dos estudos se alongue por riba dos catro anos.

En relación aos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado de grao (Gráfico Satisfacción 10), observamos un notable incremento na valoración, situándose o total en 3,86. Os dous aspectos avaliados resultan satisfactorios, a formación con 3,93 e as expectativas formativas con 3,79.




Gráfico Satisfacción 11. Resultado de aprendizaxe servizos (Grao)

Tamén neste criterio a valoración do alumnado do PCEO é notablemente máis baixa (Gráfico Satisfacción 10). O cómputo total é de 2,5; por riba se valora a formación (2,8), mentres que o cumprimento das expectativas formativas non alcanza o aprobado (2,2)






Gráfico Satisfacción 12. Resultado de aprendizaxe servizos (PCEO)

**Puntos febles detectados:**

- Taxa de gradación escasa

**Accións de mellora a implantar:**

- Obter as cifras de alumnado semipresencial e con matrícula a tempo parcial desa cohorte.

**Evidencias nas que se se baseou a valoración:**

- E4: Guías docentes das materias
- E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor/a e cualificación)
- E25/: Informes de cualificación por materia
- EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
- I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

## CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

**Valoración xenérica**

Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título.

### Reflexión/Xustificación

O primeiro que debemos indicar é que, tal como xa se comentou no criterio 1, por terceiro curso consecutivo superouse na matrícula o número das prazas ofertadas no primeiro curso. Pensamos que, definitivamente, podemos considerar que este título superou a época de implantación do plan de viabilidade.

Para a análise deste criterio comezamos coa valoración das taxas de eficiencia e rendemento. Non imos insistir nos resultados relativos ás taxas de éxito e avaliación que xa foron tratados no apartado anterior e que se poden visibilizar, xunto coa eficiencia, no gráfico 13.




Gráfico 13. Taxas de éxito, eficiencia e avaliación

A taxa de eficiencia descende respecto ao curso anterior e sitúase dous puntos por baixo da meta que se situaba no 90%. O resultado deriva probablemente da maior taxa de avaliación en relación ao curso pasado. O sorprendente é que a pesar desa relación entre avaliación e eficiencia, a taxa de éxito continúa na mesma porcentaxe, 92%.

Analicemos os índices presentados na taxa de rendemento.

A taxa de rendemento alcanza a meta proposta do 77%, situándose 2 puntos por riba do curso anterior, confirmando unha progresiva mellora nos últimos catro cursos.

	2017/2018	2018/2019	2019/2020
Taxa de rendemento			
100%	2	6	4
99% ao 90%	11	8	5
89% ao 80%	7	13	13

79% ao 70%	10	6	15
69% ao 60%	6	7	1
59% ao 50%	3	1	3
Inferior ao 50%	3	3	1

Táboa 8. Taxa de rendemento agrupada no Grao en Xeografía e Historia

Se ben se constata unha certa diminución no número de materias que alcanzan o 100%, todas elas optativas de 4º curso como ven sendo habitual, tamén se observa un notable incremento de aquelas que se atopan por riba do 70%, en concreto o 80%. Son catro as materias en torno ao 50% (9,5%) e unha delas é o TFG que só pode cursarse con éxito unha vez que están superadas o resto. Os datos concretos sobre aquelas que nos últimos tres anos alcanzaron unha taxa de rendemento do 100%, así como as que presentan unha taxa menor, aparecen definidas nas táboas 9 e 10.

Materia con maior taxa de rendemento	Curso 2017/2018	Curso 2018/2019	Curso 2019/2020
G251908 Xeografía de Galicia	100%	100%	
G251907 Historia medieval de Galicia			
G251901 Historia de América contemporánea			
G251903 Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas			
G251909 Historia do poder e das institucións			
G251910 Mentalidade, identidade e cambio social			
G251912 Historia moderna de Galicia			
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica		100%	
G251906 Historia da arte de Galicia			
G251911 Historia contemporánea de Galicia			
G251912 Historia moderna de Galicia			
G251913 Prehistoria do noroeste da Península Ibérica			
G251911 Historia contemporánea de Galicia			

Táboa 9. Materias con maior taxa de rendemento no Grao en Xeografía e Historia

No curso 2019/2020 se reduce en unha materia o alcance do 100% da taxa de rendemento; así en cinco materias os créditos superados son os mesmos que os matriculados. Outro aspecto interesante, que se mantén nos tres cursos, é que son todas materias optativas do último curso.

Materia con menor taxa de rendemento	Curso 2017/2018	Curso 2018/2019	Curso 2019/2020
G251105 Historia de América Precolombina e Colonial	46%		

G251402 Historia Moderna Universal	42%		
G251991 Traballo de Fin de Grao	35%		
G251201 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana		42,59%	
G251305 Paleografía		42,31%	
G251603 Historia moderna de España		44,83%	
G251305 Paleografía			53,06%
G251505 Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe			50%
G251991 Traballo de Fin de Grao			
G251105 Historia de América precolombina e colonial			49,21%

Táboa 10. Materias con menor taxa de rendemento no Grao en Xeografía e Historia

Resulta evidente que se con as enormes dificultades que se rexistraron no curso 2019/2020 se produce unha mellora na taxa de rendemento, se debe ao gran esforzo que realizou todo o colectivo que participa no grao en Xeografía e Historia, tanto o PDI, como o alumando e o PAS.

En calquera caso, especialmente para o 1º cuadrimestre, sería moi positivo contar cos datos desglosados para a modalidade semipresencial.




Gráfico 14. Taxa de abandono no Grao en Xeografía e Historia

Respecto á taxa de abandono é evidente que se rexistra unha tendencia positiva cunha diminución de algo máis de 10 puntos, o que supera a meta prevista nos obxectivos de 30%. A taxa de cambio de estudo se sitúa no 1,85%. En calquera caso, somos conscientes de que aínda resulta unha taxa elevada polo que o obxectivo é continuar con esta tendencia decrecente. Insistimos na necesidade de obter os datos en relación á semipresencialidade. Polo perfil deste alumnado relacionado coa xustificación da solicitude (laborais, familiares, atención a persoas

dependentes, actividades deportivas de alto nivel e necesidades educativas especiais) pode darse o caso que comprobemos que o estudo do grao é incompatible coa súa vida laboral e/ou persoal porque as perspectivas de dedicación ao estudo superan o previsto.

Pasamos agora a analizar os resultados en relación coas enquisas de satisfacción. En primeiro lugar, faremos referencia ao sector do alumnado.




Gráfico 15. Participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do Grao en Xeografía e Historia.

No gráfico 15 podemos observar a evolución da participación do alumnado de Grao nos últimos tres cursos, o curso 2019/2020 elevouse ao 81%. Este éxito é froito dun intenso traballo de mailing que busca a concienciación da súa importancia por parte da coordinación de Calidade.




Gráfico 16. Satisfacción xeral do alumnado de grao nas enquisas de satisfacción

Sendo a participación tan elevada, as respostas vólvense máis significativas. Así o resultado global (Gráfico 16) resulta ser o máis elevado dos tres últimos cursos, situándose cerca do 4 (3,87) e sendo a máis elevada dos cursos contemplados. Un 90% síntese satisfeito/a coa titulación fronte a 10% que non o está.

Aínda que non son moitas as respostas das preguntas en aberto, hai coincidencias na valoración positiva da proximidade co profesorado e a súa boa disposición, a opción da semipresencialidade, o contido xeralista do grao, e a oferta de actividades académicas a maiores do programa formativo das guías docentes. Como suxestións de mellora non hai tanta coincidencia, salvo a petición de gravación de todas as clases e a maior implicación do profesorado co alumnado semipresencial. Outras máis puntuais se refiren á realización de exames “online”, á metodoloxía das prácticas e a existencia de materias anuais.

Por primeira vez realizaron as enquisas o alumnado do PCEO que o curso 2019/2020 que inauguraron 3º curso. A participación neste colectivo foi dun 100%. Xa se fixo relación a que os resultados non resultan favorables, o índice de satisfacción tan só chega ao 2,63, é dicir un simple aprobado. Tan só o 20% síntese satisfeita coa titulación fronte a 80% que non o está.

Ante estes resultados o alumnado de 4º foi convocado pola coordinadora de Calidade o día 04/03/ 2021, no momento de elaborar este informe. As alumnas responsables das enquisas, comentaron aspectos como a organización das materias e os horarios como aspectos máis febles. O primeiro aspecto está en vías de solucionar. O segundo é mais complicado, pola imposibilidade de impartirles docencia como un grupo individual, dado que o número de prazas que se oferta é de 10 cada curso. Por outra banda, esta é a primeira cohorte e sempre resulta máis complicada as primeiras experiencias. Nas preguntas abertas destacan como positivo a propia existencia do título, a implicación de determinado profesorado e a interdisciplinidade. Entre as melloras aluden á xa comentada organización de materias. Entre as suxestións de mellora indican a necesidade de maior atención por parte do profesorado e coordinación entre os distintos responsables das materias, tamén resaltan o traballo excesivo, factor que penso que se relaciona coa súa propia elección dun Plan Conxunto. Tamén se alude á

necesaria mellora de ofertas específicas Erasmus. Circunstancia que se vai mellorando, pero dada a simbiose de estudos non resulta doado. En xeral se senten desatendidas, especialmente na titulación de Turismo.

Respecto ás persoas tituladas se ben aumenta progresivamente a participación, se observa un decrecemento no índice de satisfacción, aínda que se mantén a un nivel medio cun total del 3,16. En relación ás preguntas abertas como factor positivo destacan tamén a proximidade do profesorado e a dedicación, aínda que advirten que non é de todo o colectivo, hai unha persoa que incluso nas melloras suxire unha renovación total do colectivo. Outras suxestións refírense ás melloras dos recursos materiais, especialmente as aulas. Esta circunstancia, en xeral (ergonomía dos asentos e enchufes), salvo polo aspecto da temperatura xa comentado, xa está solventado. Tamén se suxiren melloras na coordinación das materias e un mellor enfoque das titorías.

Na seguinte táboa se recolle dun xeito facilmente visible, os ítems máis valorados e os de mellor valoración por sectores. Non imos incidir nestes resultados que xa foron analizados polo miúdo en cada un dos criterios anteriores.

Dado que no curso 2019/2020 non se realizaron enquisas de satisfacción nin ao PDI nin ao PAS, non imos incluír esta análise.

	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado de grao	2019/2020	81%	3,87	- A atención do persoal de administración e servizos do centro: <b>4,33</b>	A coordinación entre as materias do plan de estudos: <b>3,50</b>
				- Os espazos para o traballo autónomo: <b>4,24</b>	A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...): <b>3,55</b>
				- Os horarios da titulación: <b>4,00</b> - O calendario das probas de avaliación: <b>4,00</b>	A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: <b>3,64</b>
	2018/2019	55%	3,21	- A utilidade da información sobre a titulación publicada na web: <b>4,00</b>	As aulas e o seu equipamento: <b>2,20</b>
				- A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web: <b>3,91</b> - A atención do persoal de administración e servizos do centro: <b>3,91</b>	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: <b>2,40</b>
				- A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, tableiros, pantallas audiovisuais...): <b>3,82</b>	A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación: <b>2,55</b>
	2017/2018	77%	2,91	- Atención do PAS: 3,81 - Calendario probas de avaliación: 3,72 - Horarios: 3,47	- As aulas e o seu equipamento: 2,06 - Laboratorios, aulas de informática, obradoiros e espazos experimentais e o equipamento: 2,32 - Coordinación entre materias: 2,47



<b>Persoal titulado</b>	2019/2020	53%	3,16	- Formación adquirida na práctica: <b>4,14</b>	A orientación profesional e laboral recibida: <b>2,00</b>
				- Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación: <b>4,00</b>	As aulas e laboratorios: <b>2,30</b>
				- Duración das prácticas: <b>3,86</b>	A distribución das materias do plan de estudos: <b>2,60</b>
	2018/2019	50%	3,30	- Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...): <b>4,5</b>	A orientación profesional e laboral: <b>1,67</b>
				- As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...): <b>4,5</b>	
				- A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade: <b>4,00</b>	- A orientación académica para continuar os estudos: <b>2,00</b>
				- A cualificación do profesorado: <b>4,00</b>	- Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): <b>2,00</b>
	2017/2018	11%	4,06	- A actualización dos contidos: <b>3,67</b>	A cualificación do persoal de administración e servizos: <b>2,33</b>
				- As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas: <b>3,67</b>	
				- A xestión da calidade na titulación: <b>3,67</b>	
			- As infraestruturas e os materiais dispoñibles: <b>3,67</b>		
			- Accesibilidade da información para as persoas tituladas: <b>5,00</b>	- Actualización dos contidos: <b>2,5</b>	
			- Utilidade da información para as persoas tituladas: <b>5,00</b>		
			- Cualificación do PAS: <b>5,00</b>		
			- A información dispoñible para o alumnado: <b>4,75</b>	- A formación para facilitar o desempeño das súas funcións: <b>3,50</b>	
			- A información dispoñible na páxina web do centro: <b>4,75</b>	- As vías de participación para a mellora da calidade: <b>3,50</b>	

				<p>- A información recibida para o desenvolvemento do seu traballo: <b>4,50</b></p> <p>- A comunicación co alumnado: <b>4,50</b></p> <p>- A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico: <b>4,50</b></p>	<p>- As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo: <b>3,75</b></p> <p>- Satisfacción coa información dispoñible sobre a xestión da calidade : <b>3,75</b></p>
<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Taxa de abandono en descenso, pero elevada</li> <li>• Taxa de gradación escasa</li> <li>• Escasa oferta Erasmus para o alumnado do PCEO</li> </ul>			<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conseguir os datos de ambas taxas en relación á modalidade semipresencial</li> <li>• Facilitar a mobilidade entre o alumnado do PCEO</li> </ul>		
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b> E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p>					
<p><b>Indicadores:</b>            I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico            I12: Evolución dos indicadores de resultados  <input type="checkbox"/> Taxa de gradación  <input type="checkbox"/> Taxa de abandono  <input type="checkbox"/> Taxa de eficiencia  <input type="checkbox"/> Taxa de rendemento  <input type="checkbox"/> Taxa de éxito  <input type="checkbox"/> Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)            I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso            I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego            I010-DO: Duración media dos estudos</p>					

## Seguimento da titulación: Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

#### **Valoración xenérica**

O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O curso 2019/2020 o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada incluíndo a pequena modificación formal relativa a adscrición do título, eliminando da mesma á Escola de Enxeñaría de Minas e tendo a exclusividade a Facultade de Historia. En calquera caso tanto a colaboración como a adscrición de materias ao profesorado do mencionado centro permanece idéntica.

#### **Reflexión/Xustificación**

Durante o curso 2019/2020, houbo 21 novas matrículas, superouse a baixada de matrícula sufrida o ano anterior, confirmando que se tratou dunha circunstancia puntual.




Gráfico 17. Estudantes de primeira matrícula no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Na seguinte táboa se detalla ao perfil do alumnado matriculado:

2019/2020	Modalidade Ingreso	Estudo Acceso	Nº	%
	Licenciatura	Historia	1	4,76 %
		Xeografía e Historia	1	4,76 %
	Diplomatura	Biblioteconomía e Documentación	1	4,76 %
	Títulos superiores de Ensinanzas Artísticas	Conservación e Restauración de Bens Culturais e os seus homologados no RD 490/94 e OM de 05/04/1942	1	4,76 %
		Música	1	4,76 %
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Estudios realizados no estranxeiro	2	9,52 %
	Bacharelato internacional, de países do EEES e doutros con acordos internacionais	Escolas Europeas: Título de Bacharelato Europeo	1	4,76 %
	Grao	Belas Artes	1	4,76 %
		Xeografía e Historia	6	28,57 %
		Dirección e Xestión Pública	1	4,76 %
		Historia	1	4,76 %
		Historia da Arte	1	4,76 %
		Conservación e Restauración de Bens Culturais	1	4,76 %
		Enxeñaría de Obras Públicas en Construcións Cívís	1	4,76 %
Arqueoloxía		1	4,76 %	
Total		21	100 %	

Táboa 11. Perfil do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Segue a destacar un perfil multidisciplinar, en consonancia co título. Neste curso, aparecíamos un incremento, en concreto máis da metade (66,6%) con procedencia de estudos humanísticos, principalmente relacionados coa antiga titulación en Xeografía e Historia (52,3%), reducíndose a proporción de estudantes con perfil tecnolóxico e de conservación e restauración (19,2%); do 14,2% descoñecemos o perfil por pertencer a títulos homologados sen especificar.

En canto á procedencia xeográfica presentamos o seguinte gráfico:




Gráfico 18. Lugar de procedencia do alumnado matriculado no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Continúa o predominio de orixe galego, incluso algo superior ao curso anterior, alcanzando un 68,95%, especialmente da provincia de Ourense (25,9%). O 20,7% procede doutros lugares de España, o 3,45% de Portugal e o 6,9 % de Latinoamérica, en concreto Perú e Ecuador. Estas matrículas son posibles sen o necesario desprazamento, en consonancia coa modalidade semipresencial.

A seguinte táboa recolle a nota media de acceso, diferenciando por muller e home. Como é habitual nesta táboa que proporciona a Unidade de Estudos e Programas da UVigo nunca se contemplan as notas de accesos de todo o alumnado, neste caso faltan tres. Como factor positivo, neste curso todas están establecidas en base 10.

Curso		Nota media Home	Nota media Muller	Nota media total
2019/2020	Licenciatura en Historia	6,255		6,255
	Licenciatura en Xeografía e Historia		5,000	5,000
	Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación		6,580	6,580
	Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais e os seus homologados no RD 490/94 e OM de 05/04/1942		-	-
	Título Superior de Música	-		-
	Estudos realizados no estranxeiro	-	-	-
	Escolas Europeas: Título de Bacharelato Europeo		6,500	6,500
	Grao en Belas Artes		8,400	8,400
	Grao en Xeografía e Historia	7,010	7,902	7,456
	Grao en Dirección e Xestión Pública	8,394		8,394
	Grao en Historia		7,533	7,533
	Grao en Historia da Arte	7,204		7,204
	Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais		6,700	6,700
	Grao en Enxeñaría de Obras Públicas en Construcións Cívicas		5,607	5,607
	Grao en Arqueoloxía	7,133		7,133
Nota media			6,897*	

Táboa 12. Nota de acceso ao Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

\* Non inclúe a totalidade das notas de acceso dos matriculados

Dos datos que manexamos, observamos un lixeiro descenso na media de acceso con respecto ao curso 2018/2019, pero continúa sendo satisfactoria ao aproximarse ao 7.

Ao ser un título que se imparte en modalidade semipresencial o seu desenvolvemento, a nivel xenérico/metodolóxico, non se veu afectado polo estado de alarma. A docencia impártese a través da plataforma e-meeting e as clases son gravadas e subidas á plataforma no que se encontra o material docente de cada materia. Xusto os días inmediatos ao Estado de Alarma se sobrecargou o e-meeting por empregarse dun xeito masivo e producíronse varios cortes. Unha vez que UVigoTV instaurou ás aulas remotas en cada Centro, replicando os espazos físicos, e-meeting volveu ser efectiva.

As materias que máis se viron afectadas foron o TFM e as Prácticas Externas, pola imposibilidade de recoller documentación nas bibliotecas e arquivos, non poder realizar traballo de campo, nin acudir ás empresas/institucións con que se realizan as prácticas. Para solventar estes problemas, a UVigo prorrogou a entrega de actas destas materias ata setembro, ofreceuse así mesmo, a posibilidade de cambiar a temática do TFM e buscar posibilidades (escasas) de realizar as prácticas en modalidade semipresencial. Estas solucións propiciaron a adquisición de competencias e a consecución do programa formativo do título.

Un aspecto detallado da evolución do curso en relación con este criterio pode consultarse no informe da Coordinación do título, público na web da facultade no seguinte enlace: [http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1\\_DO-0201\\_P1\\_mhtco3\\_2019-20.pdf](http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_mhtco3_2019-20.pdf)

En calquera caso, se ben no aspecto metodolóxico de impartir docencia non houbo grandes cambios derivados da situación do Estado de Alarma, sen dúbida a nivel persoal as circunstancias foron moi variadas e toda a comunidade universitaria veuse directa ou indirectamente afectada pola situación.

Curso	a. Estudantes saíntes	b. Estudantes entrantes	c. Total (a+b)	d. Estudantes matriculados	% de c. sobre d.
2017/2018	1	0	1	37	2,70%
2018/2019	0	1	1	28	3,5%
2019/2020	0	2	2	39	5,1%
<b>TOTAL</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>173</b>	<b>2,3%</b>

Táboa 13. Alumnado participante en programas de mobilidade internacional no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Nesta táboa se inclúen os datos da mobilidade, ao igual que no curso anterior, no 2019/2020 non hai alumnado propio fóra. Tal e como vimos no lugar de orixe da matrícula, na actualidade contamos con 2 alumnos de Latinoamérica.

A participación na enquisa de satisfacción do alumnado resultou por primeira vez significativa, alcanzando o 62%. Este incremento foi froito da labor da concienciación realizada pola coordinación de Calidade. En concreto neste

criterio a puntuación global é de 3,32. Desglosado nos seis ítems (Gráfico Satisfacción 13) a puntuación máis elevada recae sobre o calendario de probas de avaliación que alcanza o 4, seguido dos horarios con 3,92, a continuación a utilidade das prácticas con 3,55 e a distribución das materias con 3,15. Por baixo de 3 e polo tanto os aspectos coa cuantificación máis baixa deste criterio atópase a orientación académica no PAT 2,91 e a coordinación entre materias 2,38, sendo este último o único aspecto que non alcanza o aprobado.




Gráfico Satisfacción 13. Organización e desenvolvemento

Respecto ao PAT, pódense consultar as actividades da coordinación no informe que está publicado na web da Facultade no seguinte enlace: [http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2\\_DO-0203\\_P1\\_mhtco3\\_2019-20.pdf](http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R2_DO-0203_P1_mhtco3_2019-20.pdf)

Respecto ás persoas tituladas (participación plan vello 33% e plan novo 83%) cualifican en global este criterio con 3,57. Por preguntas, obteñen a máis elevada (4,25) a actualización de contidos e as metodoloxías, 3,75 obtén a distribución das materias, e 3,25 a orientación académica. A orientación profesional recibida obtén un 2,75.

**Puntos débiles detectados:**

- Escasa coordinación entre as materias
- Descoñecemento do significado do PAT e das súas actuacións
- Ausencia de Orientación Profesional

**Accións de mellora a implantar:**

- Establecer xuntanzas entre o profesorado para mellorar a coordinación
- Charlas informativas pola coordinación do PAT, explicando as súas funcións e actuacións
- Charlas sobre Orientación Profesional

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)



E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)  
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade  
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).  
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por preinscrición  
I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia  
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)  
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros  
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.  
I01-AC: Nota media de acceso  
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso  
I02-AC: Ocupación  
I03-AC: Preferencia  
I03(2)-AC: Adecuación

## **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA**

### **Valoración xenérica**

O título dispón de mecanismos para comunicar aos seus grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

A información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible de maneira axeitada, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo.

### **Reflexión/ Xustificación**

A información deste mestrado atópase nunha web propia <http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/> sendo o Coordinador a persoa encargada de subministrar á empresa contratada (a mesma que a da Facultade) a actualización da mesma. Na web da facultade inclúese unha información básica <http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/> cunha descrición xenérica e un enlace á memoria e outro que remite a web do título.

Seguimos pendentes da actualización do formato para que se unifique co modelo institucional. Os trámites de xestión están xa realizados polo que depende xa da empresa contratada a tal fin.

Xa comentamos noutros informes o uso da plataforma docente FaiTic da UVigo como un medio habitual de información para o alumnado. Co formato dunha materia máis, na que se inclúen todo o profesorado e o alumnado está o Espazo de Coordinación, que inclúe todos os aspectos, ás veces a modo de pílulas (sesión de acollida, aspectos fundamentais das materias de Prácticas Externas ou o Traballo de Fin de Mestrado) en consonancia coa modalidade de impartición, como a creación por UVigoTV dos despachos remotos a cada docente que facilita as titorías virtuais.

Así mesmo, nas redes sociais da Facultade, tanto en instagram, facebook e twitter publicamos aspectos de interese para o alumnado do mestrado, tanto prazos e convocatorias, como cursos ou ofertas de traballo.

Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado en relación a este criterio de forma global alcanza a puntuación de 3,36. Se analizamos as preguntas que se corresponden a este criterio (Gráfico Satisfacción 14), as que alcanzan máis puntuación refírense á páxina web, a accesibilidade obtén 3,53, seguido da utilidade con 3,48. A seguinte cuestión con 3,21 refírese á información a través doutros soportes e a máis baixa, por debaixo de 3, pero dentro do aprobado é a información de actividades extracurriculares. Información que depende máis dos servizos centrais que do centro.




Gráfico Satisfacción 14. Información e Transparencia

Respecto ás persoas tituladas (participación plan vello 33% e plan novo 83%) cualifican en global este criterio con 3,63. Por preguntas obtén 3,75 a accesibilidade da web e 3,5 a súa utilidade.

**Puntos febles detectados:**

- Escasa información sobre as actividades extraacadémicas en opinión do alumnado

**Accións de mellora a implantar:**

- Informar á vicerreitoría do campus de Ourense e á vicerreitoría de Comunicación da necesidade de achegar a súa información ao alumnado do mestrado

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)  
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública  
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

## CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

### Valoración xenérica

A Facultade de Historia dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

### Reflexión/ Xustificación

Como o Sistema de Calidade é unha cuestión que depende directamente do Centro, remitimos para este apartado ao contido do Criterio 3 que se desenvolveu en relación co Grao o PCEO para os aspectos xenéricos.

Hai unha única pregunta nas enquisas de satisfacción en relación co (Sistema Gráfico Satisfacción 15) referida á CAIXA QSP, a puntuación é de 2,92. Probablemente parte do alumnado do mestrado descoñece a posibilidade de expresar a súa opinión a través deste medio institucional. Este dato se corrobora coas respostas das persoas tituladas que cualifican con 2,33 a mesma cuestión.




Gráfico Satisfacción 15. Sistema de Garantía de Calidade

O aspecto máis positivo é o aumento da participación do alumnado deste título nas enquisas de satisfacción, debemos manter as accións de información desta acción. A insistencia do mail parece que tivo efectos positivos.

#### Puntos febles detectados:

- Descoñecemento polo alumnado da canle de QSP

#### Accións de mellora a implantar:

- Difundir entre o alumnado a utilidade do recurso das QSP para expor a súa opinión

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

**Valoración Xenérica**

O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Cada ano, na web do título se actualizan os datos do profesorado que poden ser consultados no seguinte enlace <http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado>

O PDI conta coa cualificación precisa para impartir a docencia asignada e atender as necesidades formativas do alumnado. Non houbo cambios neste grupo respecto ao curso anterior, manténdose o perfil multidisciplinar en consonancia co título.

Durante o curso 2019/2020 participaron 30 docentes, 16 da UVigo e 14 externos. Para aboar as horas deste profesorado emprégase case o 85% do orzamento asignado ao título. A área de Calidade nos subministra a cifra do 76% de doutores/as.

No campus de Ourense hai un servizo que se encarga dos asuntos dos mestrados, a Área Académica de Mestrado e Doutoramento, que resolve adecuadamente todas as cuestións administrativas. Na enquisa de satisfacción, (Gráfico Satisfacción 16) no apartado relativo a este criterio a pregunta sobre o sector do PAS alcanza unha cualificación satisfactoria de 3,92.

Para coñecer o grao de satisfacción do alumnado co sector do PDI debemos recorrer as EAD. Por primeira vez, o 2º cuatrimestre do curso 2019/2020 estas enquisas realizáronse online e o alumnado semipresencial tivo oportunidade de realizalas. A pesar de que a participación é baixa (11,94%), e polo tanto, non demasiado representativa, a cualificación global é elevada, alcanzando o 4,05. Como esta vía de realizar as enquisas a través da Secretaría Virtual vai ser estable, agardamos que no curso 2020/2021 aumente a participación e podamos obter resultados máis significativos.




Gráfico Satisfacción 16. Recursos Humanos

Tamén no grupo de egresados e egresadas a puntuación deste criterio resulta elevada alcanzando o 4,38, sendo a puntuación máis elevada do conxunto. Por preguntas o PDI alcanza o 4,75 e o PAS o 4.

**Puntos febles detectados:**

- Baixa participación nas EAD

**Accións de mellora a implantar:**

- Labor de difusión da necesidade de elaborar estas enquisas

**Evidencias nas que se baseou valoración:**

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve  
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)  
R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI  
I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas  
I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.  
I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución  
I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos  
I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)  
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)  
I02-PE: Cualificación do PDI  
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)  
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

### **Valoración Xenérica**

Os recursos materiais e servizos son axeitados ás necesidades do título e ás súas características, permitindo ao alumnado adquirir as competencias descritas na Memoria.

### **Reflexión/Xustificación**

Dado que este título está adscrito á Facultade de Historia, o alumnado dispón de todos os recursos materiais e servizos do centro. O feito de que a docencia sexa semipresencial a través da plataforma e-Meeting implica unha serie de necesidades específicas. Sen dúbida unha das máis relevantes é o bo funcionamento da mencionada plataforma que é a canle da docencia. Para o correcto funcionamento ou a resolución de problemas resulta imprescindible o apoio dos servizos centrais da UVigoTV. Outro servizo fundamental é a plataforma de teledocencia da UVigo onde atópase todo o material da cada materia e as sesións docentes gravadas.

As instalacións onde se realizan as Prácticas Externas dependen das institucións ou empresas coas que se asinan convenios e reúnen as condicións necesarias para o seu desenvolvemento.

O nivel de satisfacción do alumnado neste criterio é satisfactorio con 3,31 a nivel global. Nas preguntas concretas (Gráfico Satisfacción 17), o ítem máis valorado se corresponde cos espazos de traballo autónomo, moi probablemente referidos á Biblioteca do campus de Ourense, que alcanza 4. Seguido das aulas equipamento, referido sen dúbida, as aulas virtuais da plataforma que obtén 3,5. Os laboratorios e outros espazos experimentais, probablemente referidos ás instalacións onde realizan as prácticas se valora con 3 e as plataformas de teledocencia é o único aspecto que baixa lixeiramente de 3, con 2,92. Probablemente esta cifra se relacione co mencionado período do inicio do estado de Alarma no que a plataforma se veu saturada.




Gráfico Satisfacción 17. Recursos Materiais e servizos

No sector de egresados e egresadas a satisfacción deste criterio se valora con 3,8. Por preguntas os espazos de traballo autónomo obteñen un 4, mentres as plataformas e ferramentas multimedia alcanzan o 3,75.

**Puntos febles detectados:**

- 

**Accións de mellora a implantar:**

- 

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
- I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
- I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
- I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

## CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

### Valoración Xenérica

Os resultados de aprendizaxe son coherentes co perfil de egreso.

### Reflexión/Xustificación

Comezamos a reflexión deste criterio coa análise da táboa 14 que inclúe os datos sobre as taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia.

Materia	Éxito	Rendemento	Avaliación
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural	100,00%	85,71%	85,71%
M143102 Valor e Significado do Patrimonio Cultural	100,00%	82,61%	82,61%
M143103 Protección Xurídica do Patrimonio Cultural	95,00%	79,17%	83,33%
M143104 Figuras de Intervención e Xestión de Proxectos	100,00%	62,96%	62,96%
M143105 Novos Modos de Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	100,00%	58,62%	58,62%
M143106 Catalogación e Risco			
M143107 Técnicas de Representación CAD do Patrimonio	88,89%	72,73%	81,82%
M143108 Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural	73,68%	45,16%	61,29%
M143109 Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural	81,25%	46,43%	57,14%
M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	95,24%	66,67%	70,00%
M143111 Introducción á topografía e produción cartográfica	100,00%	77,27%	77,27%
M143207 Caracterización e Documentación Histórico-Artística	100,00%	66,67%	66,67%
M143208 Territorios e Paisaxe Cultural	100,00%	72,73%	72,73%
M143209 Historia, Memoria, Identidade e Patrimonio Cultural	100,00%	50,00%	50,00%
M143210 Difusión e Socialización do Patrimonio Cultural	100,00%	81,25%	81,25%
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos	100,00%	68,18%	68,18%
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana	100,00%	91,67%	91,67%
M143213 Prácticas	100,00%	57,14%	57,14%
M143214 Traballo Fin de Mestrado	100,00%	44,44%	44,44%
M143215 Educación patrimonial e innovación social	100,00%	83,33%	83,33%
M143216 Patrimonio cultural e turismo	90,91%	66,67%	73,33%
M143217 Introducción á avaliación estrutural de construcións patrimoniais	100,00%	55,56%	55,56%
M143218 Técnicas non destrutivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible	71,43%	45,45%	63,64%

Táboa 14. Taxa de éxito, rendemento e avaliación de materias do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A taxa de éxito (gráfico 20) repite os valores do curso pasado, situándose no 96% e superando en 1 punto a meta proposta. No 68% das materias todo o alumno que se presenta ao exame o supera. Tan só dúas materias presentan unha taxa de éxito entre o 70 e o 75% e ningunha por baixo destas cifras.






Gráfico 20. Taxa de éxito do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A taxa de avaliación (gráfico 21) que recolle a relación entre o número de créditos presentados e os matriculados alcanza a nivel global o 78%. Se analizamos a porcentaxe de materias se detecta unha gran variedade. Tan só 1 materia supera o 90%. Entre o 80 e o 85% se encontran o 27,3% das materias. O 18,1% presentan unha taxa da avaliación entre 70 e 80%. O 22,7% atópanse entre o 60 e 70%, esta mesma porcentaxe se aplica entre o 60 e 70% e unha materia presenta a taxa de 44,4%, a máis baixa da táboa. Segundo estas cifras ningún estudante se presenta a todos os créditos nos que se matricula e o 54,4% preséntase entre o 70 e o 90% dos créditos matriculados. A materia de “Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos” que no curso anterior presentaba unha taxa de arredor do 23%, o curso 2019/2020 alcanza o 68,19%, unha cifra moito máis razoable. En calquera caso, os datos non resultan satisfactorios.

Seguimos insistindo que nesta taxa inflúen as circunstancias do alumnado, que nalgúns casos combinan os estudos con unha actividade profesional.




Gráfico 21. Taxa de avaliación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A taxa de graduación, aínda que continúa sendo baixa, presenta unha importante melloría con respecto ao curso anterior, en concreto algo máis de 15 puntos, situándose en 62,5% e superando a meta fixada no 50%.




Gráfico 22. Taxa de graduación no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Como ven sendo habitual, a taxa de avaliación do TFM é a máis baixa de todas as materias, situándose no 44%, cifra que coincide coa taxa de rendemento e cun 100% de éxito. Tamén se registra un incremento na proporción de matrícula

e de TFM defendidos, do 33,33% do curso 2018/2019, pasamos ao 47%, cifra que aínda debe ser mellorada. Tamén neste caso pensamos que a situación profesional de parte do alumnado matriculado incide nesta circunstancia.

CURSO	TFM MATRICULADOS	TFM DEFENDIDOS	
	Nº	Nº	%
2017/2018	36	19	52,78%
2018/2019	27	9	33,33%
2019/2020	34	16	47,05%
<b>Totais</b>	<b>97</b>	<b>44</b>	<b>45.36%</b>

Táboa 18. Relación de TFM matriculados e defendidos no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

CURSO	CUALIFICACIÓNS				TFM TOTAIS
	MH	Sobresáñte	Notable	Aprobado	
2017/2018	2	3	9	5	19
2018/2019	1	3	4	1	9
2019/2020	0	3	11	2	16
<b>Total</b>					<b>44</b>

Táboa 19. Cualificacións do TFM no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

En relación coas cualificacións, a maior parte do alumnado (case o 69%) obtén Notable, e tan só 2 (12,5) o aprobado. Estes resultados son satisfactorios.

Na taxa de abandono (Gráfico 22 bis) tamén se observa unha melloría respecto ao curso anterior, rexistrándose unha baixada de máis de 15 puntos e situándose no 10,53%, cifra que non é totalmente satisfactoria, pero que supera en 9 puntos á meta proposta, que pretendía ser realista, ante a cifra do curso 2018/2019.




Gráfico 22 bis. Taxa de abandono no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Nas enquisas de satisfacción este criterio de Resultados está valorado a nivel global con 3,4. Nas preguntas concretas (Gráfico Satisfacción 18) recibe mellor puntuación a formación adquirida con 3,15, o cumprimento das expectativas formativas non chega a 3 (2,92). No seguinte bloque pensamos obter información ao respecto no apartado de preguntas abertas.




Gráfico Satisfacción 18. Resultados de aprendizaxe

As persoas tituladas valoran cun 3,5 o criterio en global. Por preguntas a formación adquirida obtén 3,75, en relación á utilidade para a carreira profesional se concede 3,25. Tamén as prácticas externas reciben unha puntuación satisfactoria con 3,5 á globalidade, desagregadas se outorga 4 a súa duración e 3 a adecuación co perfil profesional.

**Puntos febles detectados:**

- Porcentaxe de TFM defendidos escaso

**Accións de mellora a implantar:**

- Xornadas de orientación de TFM e liñas de investigación do profesorado.

**Evidencias nas que se se baseou a valoración:**

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor/a e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

## CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

**Valoración xenérica**

Os resultados da taxa de rendemento e das enquisas de satisfacción resultan congruentes co deseño, a xestión e os recursos do título.

**Reflexión/Xustificación**

No apartado anterior analizamos a taxa de éxito, de avaliación, de gradación e de abandono. Neste apartado analizaremos os resultados das taxas de rendemento, de forma global e pormenorizada por materias e os resultados das enquisas de satisfacción incluíndo as preguntas abertas.

Comezamos coa taxa de rendemento a partir da táboa 15 que recolle en seccións de porcentaxes a evolución da taxa de rendemento nos últimos tres cursos.

Taxa de rendemento	2017/2018	2018/2019	2019/2020
100%	0	1	0
99% ao 90%	2	1	1
89% ao 80%	2	2	4
79% ao 70%	6	3	3
69% ao 60%	3	7	5
59% ao 50%	5	6	4
Inferior ao 50%	0	3	4

Táboa 15. Rendemento de materias do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A media da taxa de rendemento sitúase no 61%, 7 puntos por riba do curso anterior e máis próxima á meta proposta (65%) que foi reaxustada para adecuala á realidade. Os valores oscilan entre o 91,67% e o 44,44% (esta última do TFM), moi cerca desta última cifra se atopan tres materias. O resto das porcentaxes están bastante repartidas entre 3 e 5 materias, sendo a máis recorrente o número de 4. Dados os bos datos da taxa de éxito, resulta evidente que a taxa de rendemento se debe a que un número significativo de alumnado non se presenta a determinadas materias. Tamén neste caso a materia de “Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos” que no curso anterior presentaba unha taxa de arredor do 23%, no curso 2019/2020 alcanza o 68,19%, unha cifra moito máis razoable. Outra materia que no Informe de curso pasado recollimos a necesidade de realizar o seguimento pola taxa de 23,08% era “Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural”, mantén unhas cifras bastante similares, a taxa de rendemento pasa do 42,86 ao 45,16%, de presentarse o 57,14 ao 61,29% e o éxito pasou dun 75 ao 73,68%. Outras dúas materias que presentan situacións similares e debe compararse a súa evolución son “Técnicas de Documentación Cartográfica 2D e 3D do Patrimonio Cultural”, cunha taxa de éxito máis elevada (57,14%; 46,43% e 81,25%) e “Técnicas non destrutivas para a avaliación do patrimonio cultural inmovible” (63,64%; 45,45% e 71,43%).




Gráfico 19 . Taxa de rendemento do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Na seguinte táboa 16 se reflicten as materias con maior taxa de rendemento:

Materia con maior taxa de rendemento	2017/2018	2018/2019	2019/2020
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural	95%		

M143102 Valor e Significado do Patrimonio Cultural			
M143106 Catalogación e Risco		100%	
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural		94,12%	
M143212 Patrimonio Arquitectónico, Territorio e Paisaxe Urbana			91,67%
M143101 Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural			85,71%

Táboa 16. Materias con maior taxa de rendemento no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

A materia de “Concepto e Categorías do Patrimonio Cultural” destaca nos tres cursos pola elevada taxa de rendemento.

A seguinte táboa recolle a evolución nos últimos tres cursos das materias con menor taxa de rendemento:

Materia con menor taxa de rendemento	2017/2018	2018/2019	2019/2020
M143214 Traballo Fin de Mestrado	53%		
M143110 Técnicas de Prospección do Subsolo Superficial	54%		
M143211 Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos		23,08%	
M143214 Traballo Fin de Mestrado		33,33%	
M143214 Traballo Fin de Mestrado			44,44%
M143108 Tecnoloxías SIG para o Inventario do Patrimonio Cultural			45,16%

Táboa 17. Materias con menor taxa de rendemento no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

En relación ás materias con menor rendemento, salvo o TFM que se repite nos tres anos e cuxa casuística xa comentamos, consideramos positivo que non se repitan as materias.

Pasamos ao segundo bloque deste apartado referido aos resultados a partir das enquisas de satisfacción. En primeiro lugar, debemos reiterar o incremento de participación que se sitúa no 62%, 24,5 puntos por riba do curso anterior e que permite analizar os resultados como representativos. Nesta ocasión os reiterados esforzos de difusión tanto pola coordinación do título, como pola coordinación de Calidade deron os seus froitos.




Gráfico 23. Participación do alumnado nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural




Gráfico 24. Satisfacción xeral do alumnado nas enquisas de satisfacción do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural



O índice global de satisfacción é de 3,27, algo inferior ao curso pasado, pero moito máis representativo polo comentado aumento da participación.

Na táboa seguinte rexístrase un resumo dos aspectos máis significativos das enquisas de satisfacción con carácter evolutivo, reflectindo os tres últimos cursos. Dado que en cada criterio se analizaron os respectivos resultados, non imos insistir nos mesmos.

	Curso	Participación	Satisfacción xeral	Ítems mellor valorados	Ítems peor valorados
Alumnado	2019/2020	62 %	H 3,32 M 3,23 Total: 3,27	- O calendario das probas de avaliación: <b>4,00</b> - Os espazos para o traballo autónomo: <b>4,00</b>	As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa QSP: <b>2,33</b>
	2018/2019	37,50%	3,54	- O calendario das probas de avaliación: <b>4,17</b> - A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web: <b>4,17</b>	- As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnado, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...): <b>2,33</b>
				- A utilidade da información sobre a titulación publicada na web: <b>4,00</b> - Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento: <b>4,00</b> - As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: <b>4,00</b> - A formación adquirida	- A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): <b>2,67</b> - A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...): <b>2,67</b>

	2017/2018	38%	3,80	(coñecementos e contidos): <b>4,00</b>	
				- Os horarios da titulación: <b>3,83</b>	A orientación académica recibida no plan de acción tutorial: <b>3,17</b>
				- Capacidade para aplicar as habilidades e destrezas: <b>4,29</b>	- Información sobre actividades extracurriculares: <b>2,77</b>
				- Formación adquirida: <b>4,21</b>	- Horarios: <b>3,50</b> - Canles de participación na mellora da titulación: <b>3,50</b>
				- Espazos de traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento: <b>4,14</b>	- Utilidade da información: <b>3,54</b>
Persoas tituladas	2019/2020	83%	3,63	- O desempeño do profesorado: <b>4,75</b>	Os programas de mobilidade, de ser o caso: <b>2,00</b>
				- O grao de actualización dos contidos do plan de estudos: <b>4,25</b> - As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino: <b>4,25</b>	As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc...: <b>2,33</b>
				- A atención do persoal de administración e servizos: <b>4,00</b> - Espazos para o traballo autónomo ( biblioteca., aulas TIC...): <b>4,00</b> - Duración das prácticas: <b>4,00</b>	A orientación profesional e laboral recibidas: <b>2,75</b>
	2018/2019	26,32%	3,4	- A actualización dos contidos: <b>4,00</b> - A cualificación do persoal de administración e servizos: <b>4,00</b>	- A organización xeral do plan de estudos da titulación: <b>2,67</b> - As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas: <b>2,67</b>

				<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): <b>4,00</b></li> <li>- Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...): <b>4,00</b></li> </ul>	- A orientación profesional e laboral: <b>2,67</b>
				<ul style="list-style-type: none"> <li>- A cualificación do profesorado: <b>3,67</b></li> <li>- As infraestruturas e os materiais disponibles: <b>3,67</b></li> <li>- A formación adquirida: <b>3,67</b></li> <li>- A utilidade da formación recibida para a carreira profesional: <b>3,67</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A orientación académica para continuar os estudos: <b>3,00</b></li> <li>- A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso: <b>3,00</b></li> <li>- As xestións académicas (recoñecementos e transferencia de créditos, expedición do título...): <b>3,00</b></li> </ul>
				Os programas de mobilidade, de ser o caso: <b>3,50</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-A accesibilidade da información para as persoas tituladas no portal da Universidade: <b>3,33</b></li> <li>-A utilidade da información para as persoas tituladas publicada no portal da Universidade: <b>3,33</b></li> <li>-A xestión da calidade na titulación: <b>3,33</b></li> </ul>
	2017/2018	36%	3,84	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Programas mobilidade: <b>5,00</b></li> <li>- Recursos tecnolóxicos: <b>4,60</b></li> <li>- Cualificación do profesorado: <b>4,40</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orientación profesional e laboral: <b>2,60</b></li> <li>- Utilidade prácticas académicas externas: <b>3,00</b></li> <li>- Orientación académica para continuar os estudos: <b>3,40</b></li> <li>- Utilidade da formación para a carreira profesional: <b>3,40</b></li> </ul>

Pasamos pois ao análise das preguntas abertas, empezando porque un 62% síntese satisfeito/a coa titulación fronte a 38% que non o está.

Entre os aspectos mellor valorados figuran os seguintes: En primeiro lugar a flexibilidade ao ser online e permitir auto administrar os tempos e compatibilizalo con outras actividades; en segundo lugar, se destaca a boa disposición do profesorado que consideran actualizado nos seus coñecementos. Tamén se destaca a orientación práctica.

Entre as propostas de melloras se atopan as seguintes: Un grupo de estudantes indican a súa preferencia polo patrimonio cultural, polo que prescindirían das materias máis técnicas que consideran pouco útiles se non hai coñecementos previos e incluírían máis aspectos do patrimonio inmaterial; en segundo lugar hai unha coincidencia nunha necesaria maior coordinación polo profesorado e na solicitude de máis horas de docencia. Tamén hai certa coincidencia na opinión de que algún profesorado tarda en responder aos correos e ás tutorías. Tamén se indica que se deben dar as características técnicas dos equipos informáticos que se precisan. Respecto ás persoas tituladas se observa un incremento de participación, especialmente no plan vixente (plan vello 33% e plan novo 83%) , cualifican en global este criterio con 3,63. Nas preguntas abertas entre o máis valorado figura a actualización dos contidos e a implicación da maioría do profesorado. Entre os aspectos a mellorar mencionan o exceso de carga lectiva no 1º cuatrimestre e o exceso de nivel nas materias técnicas con aplicacións altamente específicas.

**Puntos febles detectados:**

- Taxa de gradación moi escasa

**Accións de mellora a implantar:**

- Determinar as causas da escasa taxa de gradación se é posible a partir das mesmas a implementación de melloras

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

**Indicadores:**

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

☐ Taxa de gradación

☐ Taxa de abandono

☐ Taxa de eficiencia

☐ Taxa de rendemento

☐ Taxa de éxito

☐ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

### **Seguimento da titulación: Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**

Seguindo as acertadas suxestións que na avaliación interna a Área de Calidade da UVigo realizou sobre o Informe de Revisión pola Dirección relativo ao curso 2018/2019 vaíse incluír no presente documento, unhas referencias breves, pero significativas a este título no que participa a nosa Facultade.

#### **Características Xenéricas**

Este título, no que participamos as tres Universidades do SUG e o CSIC, está coordinado pola USC, cuxo profesorado ten unha participación maioritaria.

Da Facultade de Historia colaboramos tres áreas: Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga e no curso 2019/2020 impartimos docencia un total de 4 docentes que integramos a Comisión do título pola UVigo. A persoa que asume a Coordinación é membro da CAM xenérica do mestrado.

A docencia impártese integramente na Facultade de Xeografía e Historia da USC. Os catro docentes da UVigo desprazámonos para impartir a nosa docencia, nun marco presencial.

A matrícula pola UVigo no curso analizado (no que a UdC aínda non estaba integrado) foi de 2 estudantes. O resto do alumnado de mestrado non ten acceso ás enquisas de satisfacción da UVigo. A participación foi de 50% e se fará alusión aos resultados en cada criterio. Sen embargo, non podemos obter resultados das EAD, xa que neste curso eran presenciais e non se realizaban ao alumnado que ten a docencia, como xa se comentou, en Compostela.

A nivel de cambios estruturais, o curso 2019/2020, houbo un relevo nas coordinacións do título, tanto na UVigo como na USC.

A continuación se fará unha pequena análise dos criterios do título a nivel global, xa que unha gran maioría dos aspectos tratados neste informe dependen enteiramente da USC.

#### **Valoración**

O curso 2019/2020 este título cumpriu cos seus obxectivos e foi coherente coa Memoria. Tamén foi aprobado unha modificación da mesma na que ademais de incluír a UdC propuxo unha reforma de materias co obxectivo de mellorar a oferta formativa e resultar máis competitivos.

#### **Reflexión/Xustificación**

En relación ao Criterio 1, Organización e Desenvolvemento, ata o mes de marzo o curso enteiramente presencial con docencia na Facultade de Xeografía e Historia da USC desenvolveuse con normalidade. Ao profesorado da UVigo nos subministran un correo da USC (periodicidade anual) a clave para acceder a internet nas aulas. No momento do decreto do Estado de Alarma, a USC, foi menos efectiva na continuidade da docencia. O profesorado da UVigo que impartía no segundo cuatrimestre, utilizou a aula e-meeting asignada ao mestrado de Patrimonio que coordina a Facultade de Historia, e deste xeito non se veu interrompida a docencia. A USC optou pola plataforma teams. A coordinadora do título estivo en contacto co alumnado da UVigo, comunicándolle puntualmente todos os cambios e resolvendo as dúbidas que se lle plantexaban. Houbo un caso positivo COVID próximo a lectura do TFM, e a e a defensa virtual realizouse en

tempo e forma. Unha vez que continuou a docencia, as materias que se viron máis afectadas foron precisamente o TFM (en moitos casos ademais do acceso a bibliografía, precisábase traballo de campo e/ou laboratorio) e as Prácticas, no caso do alumnado da UVigo, as escavacións arqueolóxicas víronse interrompidas polo Estado de Alarma. O decreto da UVigo, que rebaixou a porcentaxe necesaria de presencialidade, fixo que o tempo transcorrido fora suficiente para cubrir o traballo de campo realizado, sendo completado por directrices outorgadas pola titorización das prácticas.

Neste criterio o índice de satisfacción global do alumnado é de 3,5; por ítems, mentres os horarios, a utilidade das prácticas, a orientación académica do PAT e a distribución das materias alcanzan o 4 a (que é a puntuación máxima concedida) coordinación entre as mesmas recibe unha puntuación negativa, tan só con un 2, senda a máis baixa. De feito nas preguntas un aspecto que se indica mellorar é precisamente esta cuestión. A medio camiño, cun 3, se valoran o calendario de probas de avaliación.

O Criterio 2, Información e Transparencia, na páxina web da facultade se inclúe unha breve información <http://historia.uvigo.es/gl/estudios/master-en-arqueoloxia/> que remite á web do título <https://www.usc.es/posgrao/muarqueo//Presentacion.html>

É a coordinadora da USC quen se encarga da actualización puntual da páxina e neste senso, mellorou notablemente. A contribución do profesorado nas redes sociais do título (concretamente Facebook) foi notoria, visibilizando as actividades que se fan en algunhas materias, e nas actividades extras organizadas polos distintos grupos de investigación implicados. Engadín isto. Pódese engadir que organizamos un concurso ao mellor Podcast da materia Arqueoloxía Pública, publicitado a través das redes <https://www.facebook.com/masterarqueoloxia/photos/a.777727958936186/4084962888212660/> e difundido a través da plataforma IVOOX [https://www.ivoox.com/podcast-podcast-ap-podcast-arqueoloxia-publica\\_sq\\_f1584202\\_1.html](https://www.ivoox.com/podcast-podcast-ap-podcast-arqueoloxia-publica_sq_f1584202_1.html)

A puntuación global deste criterio é 3,25. A facilidade de atopar contidos na web alcanza a puntuación máxima de 5 e a utilidade noutros soportes 4; sen embargo a utilidade dos contidos da web e a información sobre actividades extracurriculares tan só é valorada con 2 puntos.

O Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade depende integramente da USC, se ben no momento dos informes se colabora constantemente coa elaboración da documentación que pode ser consultada en: <https://www.usc.gal/es/centros/xeohistoria/masterarq.html>

O alumnado valora con 4 a caixa de QSP, sendo unha moi boa puntuación. Dado que este alumnado provén da Facultade de Historia da UVigo, este dato cobra máis importancia.

O Criterio 4. Recursos Humanos. Xa foi comentado na introdución. Somos 4 docentes das áreas mencionadas que integramos o POD deste título e nos desprazamos a Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela para impartir a docencia. No campus de Ourense hai un servizo que se encarga dos asuntos dos mestrados, a Área Académica de Mestrado e Doutoramento, que resolve adecuadamente todas as cuestións administrativas tamén relativas ao alumnado deste título.

O alumnado valora coa máxima puntuación (5) este criterio, referido ao PAS.

O Criterio 5. Recursos Materias e Servizos é xestionado integramente pola USC. O título ten un par de aulas asignadas para a docencia que inclúen toda a tecnoloxía precisa. Xa se comentou as alternativas que ambas Universidades ofreceron a partir do Estado de Alarma.

Tamén este criterio obtén unha moi boa puntuación con 4.5. Os espazos para o traballo autónomo e as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia alcanzan a nota máxima, sendo excelente noticia, dadas as circunstancias de pandemia que impuxo a docencia on line. As aulas e o seu equipamento, os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento son valorados con 4.

Criterio 6 Resultados de aprendizaxe e criterio 7 Resultados de Satisfacción e Rendemento. Esa información non figura, loxicamente, no Portal de Transparencia da UVigo. No momento de elaboración deste Informe, aínda non se realizou pola coordinación do título na USC o informe de seguimento correspondente ao curso 2019/2020, que será subido á web correspondente.

A satisfacción do alumnado en relación ao criterio 6 é de 4, tendo a mesma puntuación a formación adquirida e o cumprimento das expectativas formativas.

A nivel global a satisfacción alcanza o 3,83, dato positivo que se complementa con que o 100% está satisfeito/a coa titulación.

## IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS

### Modificacións na titulación : Non procede

*\*Neste epígrafe deben incluírse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro*

Incluíranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

## IV. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

\*Cada titulación deberá incorporar un seguimento das acción de mellora que puxo en marcha no curso ou /cursos anteriores. A [aplicación de xestión documental do SGC](#) permite realizar un seguimento das mesmas

Accións de mellora *	Estado situación	Comentarios /observacións
Difundir a través das/os delegadas/os os aspectos fundamentais do SGC, especialmente no grao	En proceso	Un dos representantes entrou como bolseiro de colaboración do Centro, na CC
Revisión pormenorizada dos contidos da web para determinar as ausencias na migración de datos e solventalo.	Completado	Satisfactorio
Aumentar a participación das Enquisas de Avaliación Docente	Medianamente Satisfactorio	Incrementouse no 2º cuatrimestre coa virtualidade
Incrementar a difusión da necesidade de participar nas enquisas de satisfacción, no grao e no mestrado, para coñecer os problemas e implantar accións de mellora. Envío de correos electrónicos ao grupo e personalizados, desde o decanato e a coordinación de Calidade, solicitando a participación e explicando a finalidade das enquisas. Accións a través da coordinación e das/os delegadas/os. Explicar ao alumnado do mestrado a vía institucional da UVigo para expor as QSP.	Completado Moi satisfactorio	Agardamos que o nivel de participación se manteña no futuro
Melloras ergonómicas nas aulas e instalación de enchufes. Segue sen ter solución a problemática da temperatura do edificio, sobre todo en inverno, nos espazos orientados ao norte e especialmente ao comezo da semana.	Completado (ergonomía e enchufes). Satisfactorio	Coas obras de xeotermia quizais se solucione o problema da temperatura inadecuada
Descubrir as posibles causas da escasa taxa de gradación (grao e mestrado) e, na medida do posible, considerar accións para melloralo	Satisfactorio	Os datos da semipresencialidade non aparecen desglosados no grao. Nesta modalidade o alumnado emprega máis tempo, de feito se constata abundante matrícula a tempo parcial



Incremento da plantilla de profesorado permanente	En proceso Medianamente satisfactorio	Éxito nunha das dúas xubilacións. Unha nova praza Axudante doutor 20-21
Extensión a todo o curso da docencia do profesor da área de Historia Contemporánea que curso tras curso, solicita unha baixa cando vai iniciar a súa docencia	Completado. Satisfactorio	A baixa prolongouse todo o curso e foi debidamente substituída. Solicitud de xubilación 20-21
Difusión entre o alumnado das redes sociais da UVigo e da Facultade	Completado. Satisfactorio	Incremento notable de seguidores/as
Reflexionar as posibles causas da escasa porcentaxe de avaliación que alcanza o 100%, sen ter en conta a materia do TFG/TFM.	En proceso. Satisfactorio	Os datos da semipresencialidade non aparecen desglosados no grao. Nesta modalidade o alumnado emprega máis tempo, de feito se constata abundante matrícula a tempo parcial

---

## IV. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

### Grao en Xeografía e Historia e PCEO

- Mellora organización das materias no PCEO. Comprobar se os baixas puntuación das enquisas obedecen a unha dinámica ou son de carácter puntual.
- Convocar a unha xuntanza coas alumnas de 4º do PCEO para aclarar que parte do descontento deriva da Facultade de Historia e buscar a solución, de ser o caso, para temas concretos.
- Facilitar as estancias de mobilidade entre o alumnado do PCEO.
- Incluír ao bolseiro de colaboración da Facultade na Comisión de Calidade e encargarlle tarefas relacionadas co Sistema, sempre baixo a supervisión da Coordinación de Calidade.
- Solicitar os datos das taxas desglosados por modalidade (semipresencial e presencial)
- Continuar coas solicitudes de contratación de PDI permanente
- Continuar solicitando melloras no servizo de quecemento das aulas

### Mestrado en Patrimonio

- Difundir entre a utilidade do recurso das QSP para expor a súa opinión
- Informar á vicerreitoría do campus de Ourense e á vicerreitoría de Comunicación da necesidade de achegar a información de actividades extra-académicas
- Xornadas de orientación de TFM e liñas de investigación do profesorado.
- Charlas informativas pola coordinación do PAT, explicando as súas funcións e actuacións
- Charlas sobre Orientación Profesional

### Facultade de Historia

- Incrementar a difusión da necesidade de participar nas enquisas de avaliación docente para coñecer os problemas e implantar accións de mellora. Envío de correos electrónicos ao grupo, información aos/ás representantes e difusión nas redes sociais
- Establecer xuntanzas entre o profesorado para mellorar a coordinación

## V. CONCLUSIONES E ACORDOS

### I.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final:

Susana Reboreda Morillo-Decana e coordinadora de Calidade. Presidenta. Coordinadora do mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Josefina Cadilla Lomba. Representante do PAS. Secretaria da Comisión de Calidade

Beatriz Vaquero Díaz. Coordinadora do grao en Xeografía e Historia

Beatriz Comendador Rey. Representante de PDI

María López Díaz. Representante de PDI

Amado Tierra Lozano. Representante de Alumnado e bolseiro de colaboración da Facultade

Marta López López. Representante egresados

Rosa María Díaz Naya: Membro da Sociedade. Directora da Biblioteca Municipal

Begoña Garrido Labrador. Egresada do Grao e do Mestrado. Membro da Sociedade. Empresaria

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade é importante concluír que:

Conclusiones relevantes	
1.	Este Informe describe e analiza dun xeito directo e accesible a situación do Centro e os títulos que se imparten durante o curso 2019/2020
2.	O balance xeral é positivo, especialmente no referido á superación da situación xerada polo Estado de Alarma grazas ao esforzo coordinado e continuo de toda a comunidade do Centro (PDI, PAS e alumnado).
3.	Outros aspectos a destacar son: Os bos datos das cifras 1ª matrícula relacionados coas tarefas de difusión e captación (Anexo 1), así como da maior visibilización do Centro. O aumento de participación do alumnado das enquisas de satisfacción, permite unha análise máis obxectiva.
4.	Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado do PCEO resultan moi preocupantes. A coordinación de calidade estará moi pendente deste título e das opinións do alumnado, así como da aplicación de melloras que dependan do noso título.
5.	Para coñecer a causa real de determinadas taxas, como gradación e abandono, é preciso ter os datos da matrícula semipresencial individualizados.
6.	Na redacción deste informe, suprimíronse todos os aspectos redundantes, o obxectivo foi analizar, con datos obxectivos, recollidos en gráficos e táboas, os aspectos máis salientables dos títulos do Centro.

Así mesmo acórdase:

<b>Acordos</b>	
1.	Continuar nesta liña de traballo na que se evidencian as vantaxes do Sistema
2.	Continuar coa idea de que o Sistema reflicte a realidade do Centro e difundir as súas actuacións entre a comunidade
3.	Determinar as causas da taxa de abandono no grao e as taxas de gradación en ambos títulos
4.	Manter as liñas de traballo desta Comisión


---

## VI. ANEXOS

- Anexo 1: Actividades extra-académicas e noticias de prensa da Facultade de Historia
- Anexo 2: Campaña de promoción do Grao en Xeografía e Historia

# Anexo 1: Actividades extraacadémicas da Facultade de Historia e noticias de prensa do curso 2019/20

---



# 4 outubro 2019

## A Derrasa-Cachamuíña-Outariz

Dirixida ao alumnado de 1º do Grao en Xeografía e Historia  
Fundamentos de Xeografía Física

**Percorrido fluvial: río Loña e tramo urbano do río Miño.**  
Coñecemento dos compoñentes e da dinámica fluvial na  
actualidade

Visita coordinada pola profesora Elena de Uña  
Prazas limitadas

**PROGRAMA**  
**4 de outubro**

- 10:00 h. Saída de Ourense
- 18:00 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



**#Itinerario1**

**#SaídasEstudo2019-20**

# 11 outubro 2019

## Parque Natural de Corrubedo

Dirixida ao alumnado de 3º do Grao en Xeografía e Historia  
Xeografía Aplicada: Territorio e Paisaxe

Saída ao Parque Natural de Corrubedo e Lagoas do  
Carregal e Vixán para estudar a xeografía dos espazos  
costeiros e áreas de especial protección medioambiental  
Visita coordinada polo profesor Xosé Antón Díaz  
Prazas limitadas

### PROGRAMA

11 de outubro

- 8:00 h. Saída de Ourense
- 20:00 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



## #Itinerario2

## #SaídasEstudo2019-20



# III XORNADA

## *Olladas á antigüidade*

Mulleres que entreteñen e mulleres que se entreteñen



**14 de outubro**

*9.00 - 14.00 h*

Salón de graos  
Facultade de Historia  
Campus de Ourense

Universidade de Vigo

Unidade  
de Igualdade

Facultade  
de Historia

DEPUTACIÓN  
OURENSE

**18 outubro 2019**

# **A ARTE PREHISTÓRICA NO VAL DE MONTERREI**

Dirixida ao alumnado de 4º do Grao en Xeografía e Historia  
Prehistoria do Noroeste da Península Ibérica

**Visita ao xacemento de Penedo Gordo (Vilardevós)**  
**Visita coordinada pola profesora Beatriz Comendador**  
**Prazas Limitadas (previa inscrición)**

## **PROGRAMA** **19 de outubro**

- 9:00 h. Saída de Ourense
- 14.00 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



**#Itinerarios3**

**#SaídasEstudo2019-20**

# Montealegre, Portugal

8 de novembro de 2019


Saída às 9.00 h  
do Edifício de Ferro

INFORMACIÓN

Ata o 5

e-mail: bego

Dirivido a al



# 16 Novembro 2019 Pseudokarst na ría de Aldán (Pontevedra)

Actividade organizada pola Prof. Elena De Uña Álvarez (Área de Xeografía Física)  
en colaboración co Clube de Espeleoloxía A Trapa (CETRA)



*Campus da Auga*  
Campus de Ourense

**PROGRAMA**  
16 de novembro  
> 8:45-9:00 h. Saída de Ourense  
> Praia Mendiúña (Aldán) acceso y visita  
> 19:00-20 h. Hora aproximada de chegada a Ourense

### REQUISITOS INDIVIDUAIS


- > Roupa para viaxar e roupa para manchar, roupa impermeable ( $T < 10^{\circ}\text{C}$ ) .
- > Protección da testa/cabelo, iluminación e luvas.
- > Botas de auga ou montaña.
- > Si levas cámara ou teléfono, bolsa estanca.
- > Comida por conta dos participantes



Itinerario de 2,8 km

Fonte: CETRA, Marcos Vaqueiro

**CONFERENCIA PREVIA**  
14 de Novembro 2019 ás 17 horas  
Salon de Graos Vicente Risco  
(Edificio de Ferro)



**Pseudokarst en granitos**  
Unha paisaxe diferente ... na oscuridade  
Ponente: Marcos Vaqueiro

LÍMITE DE 30 PRAZAS POR ORDE DE INSCRIPCIÓN NA SECRETARÍA DO DECANATO DA FACULTADE DE HISTORIA (OURENSE)

**Email:** [sdefho@uvigo.es](mailto:sdefho@uvigo.es)

O prazo remata o 6 de Novembro as 12 horas.

Datos necesarios: Apelidos e Nome, NIF, Edad, Data nacemento, Sexo, Enderezo, Poboación e CP, Teléfono, e-mail (menores idade-autorización dos pais e nais). Desprazamento en autobús, licenza federativa e seguro accidentes.


Parada 4

Movimentos en la vertiente: A Cunchosa




Parada 5

Sistema de cuevas de A Cunchosa



Parada 2

Tafoni en la zona intermareal



# 15 novembro 2019

# LUGO

Dirixida ao alumnado de 3º do Grao en Xeografía e Historia  
Prehistoria e Historia antiga da Península Ibérica

**Viaxe a Lugo para coñecer directamente unha cidade romana.**  
**Achegamento dun xeito directo á realidade arqueolóxica e**  
**histórica do proceso romanizador do noroeste**  
**Visita coordinada polo profesor Adolfo Fernández**  
**Prazas limitadas**



## **PROGRAMA**

**15 de novembro**

- 09:00 h. Saída de Ourense
- 20:00 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



## **#Itinerario4**

## **#SaídasEstudo2019-20**



Facultade de Historia  
Universidade de Vigo

# 16 novembro 2019

## Visita: Pseudokarst na ría de Aldán

Dirixida ao alumnado do Grao en Xeografía e Historia  
Mestrado/Doutoramento en Patrimonio Cultural  
Materias de Xeografía

Coordinada pola profesora Elena De Uña Álvarez &  
Clube de Espeleoloxía A Trapa (CETRA)  
**Prazas limitadas (30)**



### PROGRAMA

16 de novembro

- 8:45-9:00 h. Saída de Ourense
- Praia Mendiña (Aldán) acceso y visita
- 19:00-20 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



#Itinerario

#SaidasEstudio2019-20

# 22 novembro 2019

# SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dirixida ao alumnado de 3º e 4º do Grao en Xeografía e Historia  
Historia da arte moderna e Historia da arte de Galicia

**Coñecemento por parte do alumnado de obras senlleiras da  
arte galega dos períodos medieval, renacentista e barroco**  
**Visita coordinada polo profesor Victoriano Nodar**  
**Prazas limitadas**

## PROGRAMA

**22 de novembro**

- 09:00 h. Saída de Ourense
- 19:30 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



## #Itinerario6

## #SaídasEstudo2019-20

# 26 novembro 2019

# SAN PEDRO DE MOREIRAS-TOÉN

Dirixida ao alumnado de 1º do Grao en Xeografía e Historia e do PCEO en Turismo e Xeografía e Historia  
Linguaxes e técnicas artísticas

Visita as igrexas de San Pedro de Moreiras e  
Santa María de Mugares  
Visita coordinada polo profesor Ángel Domínguez  
Prazas limitadas

## PROGRAMA

**26 de novembro**

- 9:30 h. Saída de Ourense
- 13:30 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



# #Itinerario17

# #SaídasEstudo2019-20



# 29 novembro 2019

# PAAR CAMPO LAMEIRO


Dirixida ao alumnado de 4º do Grao en Xeografía e Historia  
Prehistoria do noroeste da Península Ibérica

**Visita ao Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre**  
**Visita coordinada pola profesora Beatriz Comendador**  
**Prazas limitadas**

## PROGRAMA

**29 de novembro**

- 9:00 h. Saída de Ourense
- 16:30 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



## #Itinerario8

## #SaídasEstudo2019-20

# 2-8 decembro 2019

# GRANADA-CÓRDOBA-CÁDIZ

Dirixida ao alumnado do Grao en Xeografía e Historia  
Área de Historia de América

**Visita a varias cidades de Andalucía con especial vinculación coa historia de América**  
**Visita coordinada polo profesor Xosé Ramón Campos**  
**Prazas limitadas**

## **PROGRAMA**

**2-8 de decembro**

- 9:00 h. Saída de Ourense
- 21:00 h. Hora aproximada de chegada a Ourense



# #Itinerario9

# #SaídasEstudo2019-20

# XORNADA

”Investigación en Patrimonio Cultural:  
experiencias e liñas de traballo”

14/12/19, 10 a 19 h

Casa-Museo Otero Pedrayo, Trasalba,  
Ourense



Organiza: Programa Doutoramento Protección Patrimonio Cultural  
Colabora: Facultade de Historia, Universidade de Vigo



Universida de Vigo



# PRESENTACIÓN

30  
ANIVERSARIO


*Indivisa Manent*

*Estudos en homenaxe a Jesús de Juana*

Julio Prada Rodríguez e

Domingo Rodríguez Teijeiro (ed.)

Libro homenaxe ao profesor emérito Jesús de Juana López



**3 de febreiro**  
**11.30 h**

Salón de Graos Vicente Risco  
Edificio Facultades  
Campus de Ourense

14 Febreiro 2020


## O PRERROMANICO: ARQUITECTURA VISIGODA, DE REPOBOACION OU MOZARABE

Dirixida ao alumnado de 2º do Grao en Xeografía e Historia  
Materia: Historia da Arte Medieval

**Visita coordinada pola profesora Yolanda Barriocanal López**

### **PROGRAMA** **14 Febreiro**

- 09:00 h. Saída de Ourense (Edificio de Ferro)
- 14:00 h. Chegada a Ourense (Edificio de Ferro)



**#Itinerario 10**  
**#SaídasEstudo2019-20**

# ANATOMIA ZOOLOGIA



Área c

GI

Facult  
Delega

DA

o do ocuidoc oratiooalónvico

# PODERES Y TERRITORIOS

## Instituciones, nobleza y dinámicas políticas (s. XVIII)



Palacio del Buen Retiro · [c. 1742]

ense, 27-28 de febrero de 2020

Facultad de Historia, Campus Ourense  
Edificio de Ferro (Salón de Grados)  
Universidad de Vigo

### Organiza

Equipo Proyecto I+D «El reino de Galicia: la Monarquía de Felipe V» [HAR2017-]

Grupo de Investigación H2M-Equidad y Modernidad [Universidad de Vigo]

### Colabora

Facultad de Historia [Universidad de Vigo]

### Comité organizador

#### Presidenta

María López Díaz

#### Vocales

Manuel M.<sup>a</sup> de Artaza Monte

Eduardo Cebreiros Álvarez

Antonio Presedo Garazo

M.<sup>a</sup> del Carmen Saavedra V

María Seijas Montero

The image is a vertical composition. The top half shows a detail from a classical painting, likely by Titian, depicting a cherub (Cupid) holding a large fish. The bottom half shows a modern fountain at night, with water jets illuminated by colorful lights (blue, purple, green, yellow) against a dark sky. The fountain's structure is a complex, web-like metal mesh.

# DA Y LAS SICIONES CAS

20

ia

z Gómez

go  
ro

I<sub>2</sub>DH



# MULLERES E CULTURA NA IDADE MODERNA

*é organizador*

DÍAZ  
EDO GARAZO  
KTO BARCIA

*é científico*

DÍAZ  
MONTERO  
EDO GARAZO  
KTO BARCIA

PONENTE

**Ofelia Rey Castelao**

Catedrática de Historia Moderna (USC)

his



#OlimpiadaDe

Estudantado de 4º

## LINKS PRENSA – DUVI

II Xornadas Olladas á antigüidade. Mulleres que entreteñen, mulleres que se entreteñen

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/ollada-xenero-antiguidade-precariedade-laboral-era-dixital>
- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2019-10/re151019.jpg>
- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/catro-visions-mulleres-que-entretene-mulleres-que-entretene-antiguidade>

Localización restos castelo Cabreira

- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2019-11/regi061119.jpg>
- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/localizado-verin-castelo-medieval-cabreira>

Libro-Homenaxe Jesús de Juana

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/libro-homenaxe-historiador-amigo-jesus-juana>
- [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/ourense/2020/02/04/homenaje-jesus-juana/0003\\_20200204C3994.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/ourense/2020/02/04/homenaje-jesus-juana/0003_20200204C3994.htm)
- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2020-02/fouren040220.pdf>

Intervención arqueolóxica en Sta. Lucía (Astariz-Castro de Miño)

- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2020-02/r110220.jpg>
- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2020-02/v120220.pdf>

Viaxe de estudos arqueolóxicos 2020-Turquía

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/turquia-destino-viaxe-estudos-arqueoloxicos-2020>

Rolda de prensa III Olimpíada galega de Historia. Fai Historia con nós

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/convocase-terceira-edicion-olimpiada-galega-historia>
- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2020-03/r030320.jpg>

Intervención arqueolóxica en Sobrado (A Ciadella)

- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2020-03/r120320.jpg>
- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/universidade-xunta-comezan-intervencion-arqueoloxica-campamento-romano-ciadella>
- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2020-06/national100620.pdf>

Seminario mulleres e cultura na Idade Moderna

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/ollada-muller-cultura-idade-moderna>
- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2020-03/reg130320.jpg>

III Olimpíada galega da Historia. Fai Historia con nós #desde casa

- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/iii-olimpiada-galega-historia-pasa-formato-virtual>
- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2020-04/re140420.pdf>
- <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/equipo-colexio-calasanz-padres-escolapios-coruna-gana-iii-olimpiada-galega-historia>
- <https://www.farodevigo.es/portada-ourense/2020/05/30/colegio-calasanz-coruna-gana-olimpiada/2294379.html>
- [https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2020/05/30/calasanz-gana-tercera-olimpiada-historia/1505996.html#cxrecs\\_s](https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2020/05/30/calasanz-gana-tercera-olimpiada-historia/1505996.html#cxrecs_s)
- 

A Facultade de Historia: Unha Caixa de ideas


- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2020-05/fv170520.pdf>

Excavación Cibdá (Armeá)

- <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/clipping/2020-05/lr290520.pdf>

# Anexo 2: Campaña de promoción do Grao en Xeografía e Historia do curso 2019/20

---



## INFORME CAMPAÑA

GRADO PRESENCIAL Y SEMIPRESENCIAL  
EN GEOGRAFÍA E HISTORIA  
2020

CREATIVE  
CONTENT  
GOOD  
REPUTATION

Se han realizado acciones orgánicas y también publicidad en redes sociales y banner a través de Google Ads.

En lo que refiere a las acciones publicitarias, se han conseguido este total en resultados.

	TOTAL
Alcance redes sociales	364.451
Impresiones redes sociales	945.640
Impresiones banners	1.268.166
<b>Total impresiones</b>	<b>2.213.806</b>
Visitas a la web desde anuncios en redes sociales	<b>2.013</b>
Clics a la web desde banners	<b>1.875</b>

## 1. ACCIONES

### 1.1. FILTRO INSTAGRAM

Publicación de un filtro de Ig Stories con el que los usuarios pueden saber qué personaje histórico son. Entre quienes lo empleen y compartan su

imagen etiquetando el IG de la Facultade, se sortean bolsas que se recogerán cuando comience el curso.

Participantes en el concurso: 27



Desde su publicación, este filtro ha conseguido los siguientes datos:

Impresiones	Capturas	Compartidos
8.657	757	79

## 1.2. CONTENIDOS INSTAGRAM

